

PLENO DO PARLAMENTO

9 de outubro de 2023

10.00 horas

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 9 de outubro de 2023, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 3 de outubro de 2023, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 59922, 11/DEBA-000002)

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2023

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguelangel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2023.10.03 12:47:59 +02'00'

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 03/10/2023 12:47:59



RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María del Carmen Aira Díaz	BNG
Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
Pablo Arangüena Fernández	S
Raquel Arias Rodríguez	P
José Antonio Armada Pérez	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Gonzalo Caballero Miguez	S
Belén Cachafeiro Anta	P
Diego Calvo Pouso	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
Iria Carreira Pazos	BNG
Daniel Castro García	BNG
Paloma Castro Rey	S
María Sol Díaz Mouteira	P
Noa Susana Díaz Varela	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Ramón Fernández Alfonzo	BNG
María Cristina Fernández Davila	BNG
Alexandra Fernández Gómez	BNG
José Luis Ferro Iglesias	P
María Begoña Freire Vázquez	P
María Leticia Gallego Sanromán	S
Ana Belén García Vidal	P
Carlos Gómez Salgado	P
Carmela González Iglesias	BNG
María Susana López Abella	P
Rosalía López Sánchez	P
Rubén Lorenzo Gómez	P
Diego Lourenzo Moura	BNG
Paula Mouzo Mas	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Eduardo Ojea Arias	S
Marina Ortega Otero	S
Noelia Otero Lago	S
Patricia Otero Rodríguez	S
Adrián Pardo López	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Fernando Pérez Domínguez	P
Rosana Pérez Fernández	BNG
Daniel Pérez López	BNG
Noelia Pérez López	P

Carmen María Pomar Tojo	P
Ana Pontón Mondelo	BNG
María Corina Porro Martínez	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Mercedes Queixas Zas	BNG
José Luis Regueiro Fernández	P
Paulo Ríos Santomé	BNG
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Ángel Rodríguez Conde	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Belén Salido Maroño	P
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Manuel Santos Costa	P
Cristina Sanz Arias	P
Martín Seco García	S
María Elena Suárez Sarmiento	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Julio Torrado Quintela	S
Katherinie Varela Fernández	P
Borja Vereza Fraiz	P
Sandra Vilela Riveiro	P



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
XI Lexislatura**

(actualizada o 7 de setembro de 2023)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	S	NON	ABST
1. Aira Díaz, María del Carmen	BNG			
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	S			
3. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
4. Arangüena Fernández, Pablo	S			
5. Arias Rodríguez, Raquel	P			
6. Armada Pérez, José Antonio	P			
7. Balseiro Orol, José Manuel	P			
8. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
9. Blanco Paradelo, Moises	P			
10. Caballero Miguez, Gonzalo	S			
11. Cachafeiro Anta, Belén	P			
12. Carballo Páez, Ramón	P			
13. Carreira Pazos, Iria	BNG			
14. Castro García, Daniel	BNG			
15. Castro Rey, Paloma	S			
16. Díaz Mouteira, María Sol	P			
17. Díaz Varela, Noa Susana	S			
18. Egerique Mosquera, Teresa	P			
19. Fernández Alfonso, Ramón	BNG			
20. Fernández Davila, María Cristina	BNG			
21. Fernández Gómez, Alexandra	BNG			
22. Ferro Iglesias, José Luis	P			
23. Freire Vázquez, María Begoña	P			
24. Gallego Sanromán, María Leticia	S			
25. García Vidal, Ana Belén	P			
26. Gómez Salgado, Carlos	P			
27. González Iglesias, Carmela	BNG			
28. López Abella, María Susana	P			
29. López Sánchez, Rosalía	P			
30. Lorenzo Gómez, Rubén	P			
31. Lourenzo Moura, Diego	BNG			

32. Mouzo Mas, Paula	P			
33. Murillo Solís, María Guadalupe	P			
34. Ojea Arias, Eduardo	S			
35. Otero Lago, Noelia	S			
36. Otero Rodríguez, Patricia	S			
37. Pardo López, Adrián	P			
38. Pazos Couñago, José Alberto	P			
39. Pérez Domínguez, Fernando	P			
40. Pérez Fernández, Rosana	BNG			
41. Pérez López, Daniel	BNG			
42. Pérez López, Noelia	P			
43. Pomar Tojo, Carmen María	P			
44. Pontón Mondelo, Ana	BNG			
45. Prado del Río, Paula	P			
46. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
47. Presas Bergantiños, Noa	BNG			
48. Queixas Zas, Mercedes	BNG			
49. Regueiro Fernández, José Luis	P			
50. Ríos Santomé, Paulo	BNG			
51. Rivas Cruz, Xosé Luís	BNG			
52. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
53. Rodríguez Carrera, María Felisa	P			
54. Rodríguez Conde, Ángel	P			
55. Rodríguez Dacosta, M ^a del Carmen	S			
56. Rodríguez Pérez, Moises	P			
57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta M ^a	P			
59. Salido Maroño, María Belén	P			
60. Santos Costa, Manuel	P			
61. Sanz Arias, Cristina	P			
62. Seco García, Martín	S			
63. Suárez Sarmiento, María Elena	P			
64. Tabarés Pérez Piñeiro, Iago	BNG			
65. Torrado Quintela, Julio	S			
66. Varela Fernández, Katherinie	P			
67. Vereá Fraiz, Borja	P			
68. Vilela Riveiro, Sandra	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

69. Calvo Pouso, Diego	P			
70. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Ortega Otero, Marina	S			
72. Porro Martínez, María Corina	P			
73. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
74. Candia López, María Elena	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.10.2023

Hora: 10:00

Orde do día

1. Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 59922, 11/DEBA-000002)

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 09.10.2023

Hora: 10:00

Orde do día

1.1 59922(11/DEBA-000002)

Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes


Do presidente da Xunta, por petición propia, para informar e debater respecto da situación política da comunidade autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 565, 20.09.2023



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese -no seu primeiro inciso- que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comenzo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:

“Comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela,

O Vicepresidente primeiro e conselleiro de

Presidencia, Xustiza e Deportes

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: CALVO POUZO, DIEGO
Cargo: Vicepresidente 1º e Conselleiro
Data e hora: 18/09/2023 10:11:25

Diego Calvo Pouso

XUNTA DE GALICIA Saída 16980 / RX 1751217
Registro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data: 18/09/2023 13:07:19



Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CVE: 32Fm1m2ZRG1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de outubro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Ordenación do debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2023 e apertura de prazo para presentar propostas de resolución

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, conforme ao disposto no artigo 141 *bis* do Regulamento do Parlamento de Galicia, na reunión do día 3 de outubro de 2023, en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2023, adopta o seguinte acordo:

1.º) Ordenar o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2023 nos termos seguintes:

A) Presentación da comunicación do goberno e intervención dos grupos parlamentarios

Luns 9 de outubro de 2023, ás 10.00 horas, presentación da comunicación do Goberno por parte do presidente da Xunta, sen límite de tempo.

Trala súa exposición, suspenderase a sesión, que se reiniciará pola tarde, ás 16.00 horas, para que tomen a palabra os representantes dos grupos parlamentarios, por orde de menor a maior importancia numérica.

A distribución de tempos é a seguinte:

- Unha primeira intervención por un máximo de 45 minutos para cada grupo parlamentario.
- Posible suspensión por 15 minutos.
- O presidente do Goberno poderá contestar aos grupos parlamentarios de maneira illada ou conxunta sen límite de tempo.
- Unha quenda de réplica dun máximo de 15 minutos para cada Grupo.
- Contrarréplica do presidente.

Suspensión da sesión ata as 11 horas do mércores 11 de outubro de 2023.

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



B) Presentación de propostas de resolución

Unha vez concluído o debate, abrirase o prazo para a presentación de propostas de resolución, que terminará o martes 10 de outubro de 2023, antes das 10:30 horas.

Os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. As propostas serán cualificadas pola Mesa da Cámara o martes 10 de outubro de 2023, ás 12.00 horas.

As transaccións e propostas de votación separada serán presentadas polos grupos parlamentarios á Mesa antes das 22.30 horas do martes, 10 de outubro de 2023.

As propostas de resolución transaccionadas serán cualificadas pola Mesa ás 9:30 horas do 11 de outubro de 2023.

C) Debate e votación das propostas de resolución

As propostas de resolución, debateranse e votaranse o día 11 de outubro de 2023, mércores, a partir das 11.00 horas.

Os grupos parlamentarios intervirán en orde de menor a maior importancia numérica, e contarán cunha quenda de 30 minutos para defendelas.

Rolda de fixación de posición dos grupos de 10 minutos.

Votación.

2.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2023

María Elena
Candia López,
Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena
Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Elena Candia López,
Vicepresidenta 1ª,
email=elena.candia.lopez@parlament
odegalicia.es
Fecha: 2023.10.04 09:57:10 +02'00'

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 04/10/2023 9:57:10



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de outubro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

1. Procedementos de control e impulso

1.1. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.1.1. Debate de pol3tica xeral

Cualificaci3n das propostas de resoluci3n presentadas en relaci3n co debate de pol3tica xeral de 2023

Logo de examinadas as propostas de resoluci3n formalizadas polos grupos parlamentarios en relaci3n co debate de pol3tica xeral da Comunidade Aut3noma de Galicia de 2023, abriuse un prazo ata as 13.30 horas para que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego reformulase as propostas de resoluci3n n3meros **10, 11, 12, 15, 18, 21, 22, 24, 25 e 27**, e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia as propostas de resoluci3n n3meros **7, 9, 21, 26, 28, 37 e 38**, co obxecto de axeitelas ao disposto no art. 141*bis*.4 do RPG e aos criterios de cualificaci3n establecidos pola a Mesa da C3mara o 3 de outubro de 2023, logo da audiencia da Xunta de Portavoces.

Terminado o dito prazo, os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, presentaron reformuladas as ditas propostas de resoluci3n.

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1. Cualificaci3n das propostas de resoluci3n

A) Propostas de resoluci3n presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. n3m. 61063): 40 propostas de resoluci3n presentadas

Adm3tense a tr3mite as 40 propostas de resoluci3n, unha vez reformuladas as propostas de resoluci3n n3meros **10, 11, 12, 15, 18, 21, 22, 24, 25 e 27** (doc. n3m. 61085).

B) Propostas de resoluci3n presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. n3m. 61064): 40 propostas de resoluci3n presentadas

Adm3tense a tr3mite as 40 propostas de resoluci3n, unha vez reformuladas as propostas de resoluci3n n3meros **7, 9, 21, 26, 28, 37 e 38** (doc. n3m. 61086).

C) Propostas de resoluci3n presentadas polo Grupo Parlamentario Popular (doc. n3m. 61065): 40 propostas de resoluci3n presentadas

Adm3tense a tr3mite as 40 propostas de resoluci3n.

Sra. Deputada/Sr. Deputado do Parlamento de Galicia
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



2. Votación das propostas de resolución

Tendo en conta os citados criterios de cualificación, os parágrafos da parte resolutiva das propostas de resolución, estean ou non identificados con guións ou con calquera outro signo de puntuación, non poderán dar lugar a unha votación separada.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente



Firmado digitalmente por Miguel Ángel
Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel
Ángel Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamen
todegalicia.es
Fecha: 2023.10.10 15:18:44 +02'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Sra. Deputada/Sr. Deputado do Parlamento de Galicia
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 10/10/2023 15:18:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 141 bis do Regulamento do Parlamento e do establecido no acordo da Mesa para a ordenación do **Debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galiza de 2023**, presenta as seguintes **Propostas de resolución** para o seu debate e votación no Pleno da Cámara.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 1

Polo recoñecemento de Galiza como nación e o alargamento do autogoberno

O Parlamento galego acorda recoñecer o status político de Galiza como nación e todos os dereitos inherentes a esta condición, así como defender avanzar na capacidade de decisión, para o que constituirá unha ponencia de traballo específica.

Asemade, o Parlamento acorda instar á Xunta a superar 14 anos de parálise do autogoberno e a iniciar unha nova etapa que permita por unha parte desenvolver todas as competencias previstas no Estatuto así como negociar a transferencia de todas aquelas competencias que xa foron transferidas ou están en vías de ser transferidas a outras comunidades, nomeadamente as autoestradas AP9 e AP 53, as autorizacións e concesións no dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume, o ferrocarril de proximidade, a meteoroloxía, o tráfico e seguridade viaria, a participación na xestión de portos e aeroportos, a participación na xestión sobre as bacías hidrográficas, a investigación oceanográfica, a ordenación do sector pesqueiro, o ingreso mínimo vital, a inspección de traballo ou a formación continua para o emprego.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 2

Por unha lingua galega en igualdade de oportunidades

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar o Pacto Galego pola Lingua, desde a participación e o consenso social, para reverter a perda continuada de falantes e reforzar a autoestima e orgullo, conforme dúas propostas: en primeiro lugar, a elaboración da Lei Xeral pola Igualdade Lingüística, que actualice a Lei de Normalización Lingüística, co obxectivo de impulsar a normalización social do galego, adaptada ao marco sociolingüístico actual e dar resposta aos entornos sociais, culturais, económicos e tecnolóxicos actuais; en segundo lugar, a elaboración dun novo decreto para os usos lingüísticos no ensino que substitúa canto antes o nefasto Decreto do Plurilingüismo, por un Decreto para a Igualdade Lingüística no Sistema Educativo.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a apoiar o uso do galego no Congreso e a demandar do goberno central o avance na normalización do galego nas delegacións administrativas do Estado en Galiza, na administración de xustiza e garantir o emprego do galego nas desconexións para Galiza dos medios de comunicación públicos estatais. Asemade, a demandar o recoñecemento e uso do noso idioma no Parlamento europeo e demais organismos internacionais, con garantía de igualdade coas demais linguas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 3

Máis autogoberno económico e financeiro para avanzar en maior benestar e na transformación económica de Galiza

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar unha negociación bilateral co goberno central conducente a avanzar no autogoberno económico e financeiro para blindar o autogoberno, os servizos públicos e as necesidades de transformación económica. Para iso, o goberno galego demandará un novo modelo de relación económica baseado na fórmula de concerto económico e, no inmediato, a transferencia de maior capacidade normativa e fiscal, a comezar polas seguintes cuestións:

- Cesión a Galiza 90% do recadado no país en materia de IRPF e IVE para mellorar a prestación dos servizos públicos e asumir novas competencias e desenvolver plenamente o Estatuto de Autonomía.

- Ampliación da capacidade normativa e de xestión de Galiza no plano fiscal, incluído o tramo do IRPF e dotar a Galiza de capacidade normativa nos tributos cedidos e avanzar na ampliación de funcións da ATRIGA.

- Rexeitamento da actual proposta de poboación axustada e negociación dun reparto xusto dos recursos que inclúa cambios nas ponderacións vixentes e a incorporación de aspectos como a emigración ou o papel produtor de enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Avance nun modelo xusto de Financiamento Local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos.

- Rexeitamento da volta ao marco inxusto de déficit e reparto débeda previsto para os próximos exercicios e que permite ao Estado acaparar máis recursos en detrimento de Xunta e Concellos malia seren os responsables dos servizos públicos esenciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 4

Unha nova política fiscal ao servizo da maioría social e non das minorías privilexiadas

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rectificar as modificacións fiscais aplicadas nos últimos catorce anos e que favoreceron as rendas máis altas en detrimento dos recursos orzamentarios propios para atender ás necesidades sociais. Singularmente, a eliminar no próximo proxecto de orzamentos as aplicadas nos de 2021 e 2022, comprometéndose a negociar na Cámara un novo marco para os impostos do IRFP, Patrimonio e Doazóns e Sucesións así como para a modificación dos vixentes e a creación doutros novos que se adapten ás necesidades deste momento histórico. Así mesmo, insta a Xunta de Galiza a avaliar de forma rigorosa o impacto da súa política fiscal en termos cuantitativos, cualitativos e por obxectivos, tal e como demanda o Consello de Contas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 5

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, un compromiso político e orzamentario firme

O Parlamento galego acorda expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado nun contexto no que 2022 supuxo un aumento dos feminicidios.

Así mesmo, insta a Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007 en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 6

Unha administración que avance no fomento da corresponsabilidade e nos dereitos en materia de conciliación e igualdade

O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a comprometerse co avance no fomento da corresponsabilidade e a ampliación de dereitos en materia de conciliación e igualdade no ámbito das e dos traballadores públicos, de forma que sexa exemplar e sirva de camiño a outros ámbitos laborais. Para isto, deberá aplicar, con carácter xeral, a recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que reconece a un traballador da administración autonómica o dereito a gozar, como persoa proxenitora diferente da nai biolóxica, dun permiso de 22 semanas no lugar de 16. Para este fin, ínstase a Xunta a desistir de recorrer sentenzas desta índole ante o Tribunal Supremo e a negociar coas organizacións sociais e sindicais, á maior brevidade posible, a modificación da Lei 2/2015 para reconecer este dereito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 7

Por unha lei galega de igualdade no deporte

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver un proxecto legislativo en prol da igualdade no deporte no que se levarán a cabo as seguintes actuacións:

- Creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte que terá como obxectivo a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbfóbicos e que contará con potestade sancionadora a aquelas persoas ou clubs que cometan ou amparen este tipo de comportamentos.

- Creación do Observatorio Galego da Igualdade no Deporte que terá como función impulsar estudos estatísticos, cualitativos sobre o papel da muller no deporte galego, así como a súa situación económica, profesional, deportiva ou os posibles casos de machismo que puidesen vivir ou presenciar.

- Establecemento de protocolos específicos que eviten actos machistas e/ou discriminacións salariais entre homes e mulleres pola realización do mesmo traballo.

- Creación de plans de conciliación familiar para que as deportistas profesionais non teñan que escoller entre continuar coa súa carreira deportiva e a crianza dos seus fillos e fillas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Aumento da visibilidade do deporte feminino nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG, tanto nas retransmisións deportivas, como nos apartados deportivos dos informativos.

- Formación e potenciación do deporte feminino nos programas deportivos dos centros educativos (XOGADE) e no deporte afeccionado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución número nº 8

Pola defensa dos dereitos das persoas LGBT

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver e dar cumprimento á Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT a través dunha dotación orzamentaria precisa, ao tempo que se pon en marcha un Plan galego de educación sexo-afectiva de carácter obrigatorio para todas as etapas do ensino non universitario que garanta a formación de toda a mocidade en aspectos coma a sexualidade humana e a superación do machismo, da transfobia e da LGBTfobia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 9

Aposta no coñecemento como sector estratéxico

O Parlamento afirma o seu compromiso coa ciencia e a investigación como sector estratéxico no desenvolvemento social, económico e cultural de Galiza. Por este motivo, a Cámara insta a Xunta de Galiza a garantir nos orzamento de 2024 un investimento, como mínimo, do 3% en materia de I+D+i e creación do INNOGAL Fundación Galega para a Ciencia para crear condicións laborais dignas e unha carreira investigadora que permita que permita reter e captar talento; así como o impulso dunha mesa de traballo que integre o conxunto do ecosistema investigador galego co obxectivo de deseñar a Rede galega de ciencia, tecnoloxía e innovación. Entre os axentes que deberán participar atoparanse, como mínimo, as estruturas de investigación do Sistema Universitario Galego, os centros de investigación básica e de excelencia; os axentes de difusión da ciencia, tecnoloxía e innovación, é dicir, aquelas entidades cuxa función é promover a difusión de coñecemento cara á sociedade como entre axentes do ecosistema investigador; os Institutos de Investigación Sanitaria así como os centros tecnolóxicos e as unidades de I+D empresariais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 10

Garantir unha asistencia sanitaria accesíbel e de calidade

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a garantir que a atención sanitaria sexa pública, universal, gratuíta e de calidade, e polo tanto ten que proceder a:

- Realizar un estudo urxente sobre as consecuencias en termos de morbilidade e mortalidade na poboación galega dos déficits na atención sanitaria (PACs con profesionais moi por debaixo do establecido ou sen persoal médico, profesionais sen substituír, prazas vacantes, déficit de ambulancias, listas de espera...

- Iniciar o proceso de reversión de todas as privatizacións e externalizacións de servizos realizados polo goberno galego, e a rematar coa derivación de recursos da sanidade pública para empresas privadas: Intervencións voluntarias do aborto, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas, Álvaro Cunqueiro, Povisa, mantemento dos equipos sanitarios, equipamento tecnolóxico, ambulancias...)

- Rematar co aumento progresivo das listas de espera e coa derivación constante de doentes á sanidade privada, mantendo operativos todo o ano todos os recursos: unidades de hospitalización, quirófanos, equipos de diagnóstico coa dotación de persoal precisa; incrementando o número de profesionais para introducir melloras organizativas que permitan desenvolver actividade ordinaria nos hospitais en quendas de mañás e tardes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Potenciar os hospitais comarcais, tanto co aumento de servizos como de persoal.
- Facer públicas de inmediato as listas de espera tanto estruturais como non estruturais.
- Promulgación e aplicación prioritaria dunha estratexia específica de saúde mental mediante as dotacións profesionais e materiais suficientes, unha organización de recursos axeitada, e a oferta de programas asistenciais específicos e eficaces. Dentro desta desenvolver de inmediato o Plan Galego de Prevención do Suicidio, con cronograma de execución do mesmo, o orzamento suficiente e a previsión de incremento de dotación profesional necesario.
- Implantación dun Plano de Atención á Saúde da Muller, coa creación dunha Unidade Muller e Saúde.
- Garantir a accesibilidade a todas as persoas con diversidade funcional impulsando un Plan, debidamente orzado e calendarizado, dirixido a suprimir calquera barreira no acceso aos servizos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 11

Atención Primaria peza clave na asistencia sanitaria

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a poñer en marcha sen máis dilación o Plan de Mellora de Atención Primaria para facela atractiva para as e os profesionais, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... que permitan unha atención de calidade, onde se contemple:

- Aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria, até chegar ao 25% do total de sanidade, no prazo de tres anos.

- Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

- Realizar unha planificación do número de profesionais precisos axustada ás necesidades reais de profesionais, categorías, rateos profesionais-doentes, situación laboral, previsión de xubilacións, etcétera.

- Incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, nutricionistas, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos-optometristas...

- Tomar todas as medidas precisas para garantir que na formación universitaria a presenza da Atención Primaria sexa acorde á relevancia que este nivel asistencial representa na atención á poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Garantir que todas as crianzas en idade pediátrica teñan asistencia presencial en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 12

Coidado das e dos profesionais da sanidade

O Parlamento de Galiza insta a Consellaría de Sanidade a rectificar política laboral que leva 14 anos practicando, de costas viradas aos profesionais, que están fartos e fartas de redobrar esforzos, de prolongación de xornadas, de intersubstitucións... de multiplicarse para poder manter unha mínima calidade na atención sanitaria, sen que o dean conseguido. Para acadar este obxectivo acometerá as seguintes actuacións:

- Realizar no actual período de sesións un Plan de Ordenación de Recursos Humanos e posta en marcha dun sistema de identificación de prazas, como punto de partida para presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación e cuantificar as prazas de formación precisas para cubrir a demanda asistencial prevista.

- Recuperación do acordo retributivo 2008-2012, suspendido pola Xunta no 2009.

- Demandar, que á maior urxencia, se regule o dereito do persoal estatutario dos servizos de saúde á xubilación anticipada e parcial, de xeito que cumpridas as condicións non se lle apliquen penalizacións e poidan cobrar o 100% das súas retribucións incluída a atención continuada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pór en marcha a carteira de servizos e recoñecer o mapa de competencias de cada categoría profesional.

- Esixir a inmediata derogación da taxa de reposición e convocar unha oferta pública de emprego (OPE) coa totalidade das prazas vacantes en todas as categorías.

- Eliminación dos “contratos de continuidade” de persoal facultativo e de enfermería e da categoría de Facultativo Especialista de Atención Primaria.

-Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

-Rectificar a decisión de pagar o complemento por dedicación exclusiva as e os profesionais que desenvolvan a súa actividade na sanidade pública e na privada, e polo tanto só establecer a mesma para o persoal médico que traballa exclusivamente na Sanidade Pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 13

Unha vellez digna e con dereitos

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar un novo modelo de coidados que fomente a autonomía e poña no centro as persoas a partir das seguintes liñas de actuación:

- Despregue dunha rede pública de servizos de proximidade (teleasistencia, axuda a domicilio, Xantar na casa...) encamiñada a promover a autonomía persoal e a prevención da dependencia favorecendo a corresponsabilidade social nos coidados e a permanencia das persoas maiores nos seus domicilios a través da diversificación dos apoios e a atención profesional.

- Impulso dun novo modelo de residencias centrado na atención integral ás persoas usuarias. Para tal fin, a Cámara defende a aprobación dunha Lei galega de residencias que inclúa, entre outras cuestións, o incremento da rateo de persoal de atención directa, a recuperación para a xestión pública directa das residencias privatizadas.

- Reforzo e ampliación do corpo de inspección de cara a velar polo cumprimento escrupuloso da normativa vixente e a garantía dos dereitos fundamentais das e dos residentes, incluíndo o impulso dun protocolo específico que impida a filtración de información.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incremento do persoal e os recursos necesarios para eliminar as listaxes de agarda nos procesos de valoración da dependencia e de asignación de recursos e reducir os tempos de resolución.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 14

Ampliar a rede pública de escolas infantís

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a deseñar un Plan de ampliación da rede de escolas infantís públicas de Galiza (0 a 3 anos) no que se inclúa o número de prazas de nova creación; lugares ou criterios de localización das mesmas, previsión temporal e orzamento de execución. Teranse en conta neste plan as necesidades de conciliación nas contornas laborais como criterio de implantación de novos centros. Así, mesmo, considerarase este tramo 0-3 como educativo, incorporando á Consellaría de Educación e garantindo a súa cobertura desde o sistema público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 15

Polo impulso do ensino público galego

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a impulsar un plan de reforzo do ensino público que incremente os cadros de persoal do sistema educativo en cando menos 1.000 profesores; co obxectivo de recuperar os dereitos laborais do profesorado e mellorar a atención do alumnado:

- Redución das rateo até un máximo de 15 estudantes por aula en Educación Infantil, 20 en Primaria, ESO, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e de 25 alumnos/as por aula no Bacharelato.

- Recuperar os horarios previos aos aumentos impostos polo Partido Popular: 21 horas en Infantil e Primaria e 18 horas en Secundaria, FP e Ensinanzas de Réxime Especial.

- Prolongar o contrato ata o 31 de agosto para as e os docentes contratados por máis de 5 meses.

- Convocatoria pública de todas as prazas vacantes por xubilacións.

- Inspeccionar o cumprimento da obriga legal de non segregación por sexo nos concertos educativos garantindo a eliminación de calquera financiamento a aqueles que a manteñan, limitar o desvío de fondos ao ensino privado a tan só aqueles casos nos que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non exista oferta suficiente na rede pública e esixir do goberno do Estado a supresión da relixión do currículo escolar.

- Impulsar un verdadeiro plan de Atención á Diversidade, acordado coa comunidade educativa, que mellore a calidade educativa de todo o alumnado en xeral e en particular de aquel con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, e garanta o incremento do número de especialistas.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta a impulsar unha Lei Galega de Educación na que se contemplen, entre outras, medidas como a gratuidade universal dos libros de texto e do transporte escolar para todas as etapas educativas, o acceso a un servizo público de comedores escolares para todo o alumnado que o precise, e a reformulación en clave galega da FP dual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 16

Aposta pola vivenda como dereito impulsando a vivenda pública

Impulsar un novo modelo de vivenda pública para os próximos quince anos, que ambicione representar o 5% do total de vivendas, que priorice actuar sobre o xa edificado e o réxime de aluguer, que sexa motor de innovación construtiva en canto a eficiencia enerxética, ao uso de materiais locais e as súas solucións construtivas, e motor de innovación tipolóxica ante os cambios sociais do país, por exemplo, fomentando a accesibilidade para dar resposta ao envellecemento da poboación, abordando o problema da emancipación ou reformulando a vivenda colectiva acorde coas novas formas de relación traballo-residencia. Baixo estas premisas impulsará un Plan sectorial da vivenda que teña como fitos singulares acadar as 20.000 vivendas públicas en 2030, a posta en marcha dunha comisión de adquisición e rehabilitación de vivenda para a súa incorporación ao parque público e o impulso dun Plan de investigación e innovación da Vindeira Arquitectura Galega en colaboración coa universidade e o COAG.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 17

Un parque inmobiliario con vida

Desenvolver un marco regulatorio propio para abordar o problema da vivenda baleira en Galiza que incluíra a creación de medidas impositivas que graven con criterio redistributivo o incumprimento da función social da propiedade das vivendas baleiras que se sitúen en zonas cunha acreditada demanda de vivenda, e as súas reducións cando se mobilicen ao alugueiro a prezos accesibles. Así mesmo, para o conxunto do territorio poranse en marcha axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética atendendo ás capacidades económicas dos propietarios; un programa de mediación por parte do IGVS para o aluguer de vivendas baleiras privadas a prezos limitados, mediante contraprestacións segundo o tipo de propietario; así como outras medidas de intervención directa por parte do IGVS.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 18

Galiza con enerxía propia: cambio de modelo baseado na innovación, no autogoberno e na sostibilidade

No contexto de transformación económica e enerxética, Galiza debe aproveitar o seu posicionamento líder en produción eléctrica apostando pola innovación, o incremento da capacidade de decisión respecto dos recursos propios e a preservación da biodiversidade. Para iso, o Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a rectificar as súas políticas impulsando un Plan de transformación enerxética para un novo modelo enerxético que sexa galego, xusto e sostible, arredor das seguintes iniciativas:

-Elaboración dun Mapa de necesidades e ordenación enerxética onde se planifique por sectores o desenvolvemento das diferentes tecnoloxías do mix sometendo esta planificación a unha avaliación ambiental estratéxica para pautar as zonas de exclusión e de implantación.

- O desenvolvemento de cambios normativos para a ordenación do sector enerxético que inclúan a demanda da transferencia de competencias plenas na materia e a declaración do aproveitamento enerxético do vento, e doutros recursos naturais estratéxicos, como ben dominio público, en réxime de concesión, como mecanismo para limitar temporalmente a súa explotación fronte ao sistema actual de autorización por tempo indefinido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Constitución dunha empresa pública de enerxía liderada pola Xunta de Galiza e aberta á participación das entidades locais, unha sociedade mercantil pública autonómica con funcións no ámbito da xeración, comercialización, planificación e educación social.

- Impulso dun Centro para a competitividade e I+D+i en almacenamento de enerxía e dun Polo de innovación e experimentación en enerxía que aglutine Universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, tecido empresarial/clústeres e INEGA, impulsando a súa transformación nun verdadeiro ente de coordinación enerxética.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 19

Blindar Galiza ante os encarecementos enerxéticos garantindo xustiza social e competitividade polo noso papel produtor

Ante as previsións de incremento dos prezos enerxéticos, o Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno central a prórroga dos mecanismos excepcionais habilitados para minorar a factura eléctrica tanto para consumidores domésticos como industriais/profesionais así como a demandar un novo marco regulador no que as comunidades produtoras excedentarias netas de enerxía eléctrica, e renovable, que xa cumpran os obxectivos europeos de xeración renovable para 2030, teñan un abaratamento directo nas peaxes de forma que poidan gañar en competitividade e xustiza social.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 20

Contra a crise de prezos, pola igualdade e a inclusión social

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar, previo diálogo coas entidades do terceiro sector, un Plan de loita contra a pobreza e a exclusión social de carácter transversal e plurianual que inclúa, cando menos, a modificación da lei 10/2013, de inclusión social de Galiza, para asegurar a compatibilidade da RISGA con outras prestacións coma o Ingreso Mínimo Vital e a creación unha Renda Galega de Inserción Social e Laboral. Este plan terá un carácter transversal e contará con medidas. No entanto este plan non está elaborado e aprobado, impulsaranse as seguintes medidas urxentes:

- Recuperación da Tarxeta Básica para garantir o acceso a bens de primeira necesidade.
- Creación dun fondo de rescate hipotecario, financiado maioritariamente pola banca, para facer fronte ao incremento da custo das hipotecas.
- Bono de axuda para os gastos escolares polo incremento extraordinario do seu custo no presente curso.
- Incremento da contía da parte autonómica das pensións non contributivas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 21

A Axenda Territorial para avanzar cara a un país máis vertebrado e con maior cohesión

O Parlamento acorda como resolución desenvolver a Axenda Territorial Galega (ATG) entendida como un conxunto de instrumentos políticos, financeiros, de ordenación do territorio, tecnolóxicos e de dotación de equipamentos e servizos para corrixir os desequilibrios territoriais e avanzar cara a cohesión socioeconómica. Para concretar este acordo desenvolverase un plan de desenvolvemento en zonas declaradas de maior interese ou prioridade, que se articulara por medio das seguintes liñas de actuación/mediante:

- A creación de núcleos ou áreas de desenvolvemento para a atraer investimentos e actividades produtivas non especulativas e non depredatorias cara a zonas declaradas prioritarias.
- A dotación dun fondo de equilibrio territorial, de periodicidade quinquenal, para impulsar investimentos en infraestruturas e servizos de carácter estratéxico.
- A mellora da dotación de servizos públicos básicos, nomeadamente de atención á infancia, sociosanitarios, educativos, de saúde e de atención integral á vellez.
- O artellamento dun plan de apoio ás PEMES e a iniciativas de economía social.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O desenvolvemento de programas de restauración, rexeneración e dinamización do patrimonio natural, da paisaxe e do patrimonio cultural.

- A creación de centros de transformación agroalimentaria e de instrumentos para a recuperación e posta en produción de terras aptas para a produción de alimentos.

- Instrumentos para a fixación e atracción de poboación en actividades produtivas e de posta en valor do territorio como o ticket rural, unha medida que implicaría unha axuda anual dun mínimo de 15.000€ durante cinco anos para proxectos con sede e domicilio fiscal no rural.

- Un plan de emprego xuvenil (para menores de 35 anos) e de emprego feminino vencellado ao desenvolvemento de actividades produtivas e de servizos en zonas declaradas de interese para o equilibrio territorial.

- Un programa de apoio produción de enerxía renovábel comunitaria de proximidade, vencellado a PEMES, parques empresariais e proxectos de emprendemento.

- O desenvolvemento de infraestruturas e de capacitación no ámbito tecnolóxico e das competencias dixitais.

- Un programa para a mellora da mobilidade (taxi rural) para facilitar o acceso a núcleos urbanos e servizos básicos.

- Un convenio co servizo de correos para facilitar a prestación de servizos en zonas illadas e dispersas.

Asemade, o Parlamento acorda instar a Xunta a impulsar, desenvolver e aprobar antes de 2026 os instrumentos que se contemplan na LOT, especialmente os Plans Territoriais Integrados de escala supramunicipal- áreas metropolitanas e comarcas- para ordenar e planificar o conxunto do territorio, así como os Plans Territoriais Especiais previstos na lexislación.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 22

Estratexia de país para unha dixitalización inclusiva no social, vertebradora no territorial, dinamizadora no económico e innovadora no cultural

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver un proceso de dixitalización de todos os sectores do noso país, acabando co atraso no eido da conectividade e novas tecnoloxías que Galiza sofre a respecto dos demais territorios do Estado e de Europa. Este proceso debería realizarse adaptándoo á realidade do país para que ninguén quede atrás nuns tempos de grandes cambios como os que estamos a vivir.

Para tal efecto, comprométese as impulsar as seguintes medidas:

-Posta en marcha do proxecto Territorio Intelixente para crear unha rede de sensores por todo o noso territorio que nos proporcionen información de relevancia para o control da meteoroloxía, da prevención de incendios ou da obtención de datos para a mellora das colleitas e da nosa gandaría.

-Levar a cabo canto antes o proxecto Vida Dixital en Galego co obxectivo de fornecer á sociedade galega das plataformas de Intelixencia Artificial necesarias para poder comunicarse na nosa lingua cos elementos que nos rodean.

-Crear o Consorcio Galego para a Capacitación e as Competencias Dixitais no que participarían a Xunta de Galiza, as Administracións Locais e as Universidades como instrumento para pular pola transformación dixital de administracións, ensino e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresas e no que se desenvolvería unha intensa campaña de capacitación dixital e loita contra o denominado “analfabetismo” dixital.

-Levar a cabo canto antes as medidas necesarias para, en colaboración co goberno do Estado, conseguir un despregue total da Banda Larga na totalidade do país, no menor tempo posible e prestando especial atención ao núcleos rurais. Todo isto co obxectivo de que Galiza deixe de ser o territorio con peor porcentaxe de conectividade do Estado.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 23

Plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial horizonte 2030

O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar un Plan de Fomento da actividade tecnolóxica e industrial co obxectivo de elevar a participación da sector industrial no PIB de Galiza até o 25% no horizonte 2030. O Plan consistirá nun conxunto de políticas públicas coordinadas para a promoción dun tecido industrial orientado á creación de valor engadido e emprego de calidade no longo prazo, e contará con un sistema de medidas de fomento do investimento e unha programación orzamentaria plurianual de varios departamentos, dirixida a financiar o desenvolvemento, transformación e innovación dos diferentes sectores estratéxicos da economía galega: automoción, naval, aeroespacial, biotecnolóxico, robótica, téxtil, químico-farmacéutico, forestal, agro-industria, mar-industria, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 24

Por un sector agrogandeiro sostible e con futuro

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a traballar a prol dun sector agrogandeiro sostible e con futuro a través das seguintes medidas:

- Apoiar de xeito prioritario as pequenas e medianas explotacións familiares agrogandeiras, revertendo a tendencia á intensificación das explotacións e o abandono do territorio: recuperando os contratos de Explotación Sustentable, mobilizando terra agraria e recuperando SAU mediante a creación de polígonos agrogandeiros que faciliten base territorial ás granxas xa existentes e a recuperación de explotacións pechadas, priorizando nos novos polígonos agroforestais a creación de novas explotacións de carácter familiar que respondan á fixación de poboación, ampliando e estimulando as novas incorporacións, demandando ao goberno do Estado a modificación da Lei da Cadea Alimentaria coa introdución de mecanismos que permitan o cálculo de custos de produción de referencia, recuperando mecanismos de intermediación nos conflitos entre industria e produtores que faciliten a viabilidade das pequenas e medianas explotacións.

- Crear o Banco de Explotacións para facilitar o alugueiro ou o cambio de titularidade daquelas explotacións agropecuarias que á xubilación dos titulares non contan con relevo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Apoiar decididamente a produción en ecolóxico poñendo como meta a converxencia no 27% da SAU marcada pola UE para os próximos 10 anos, ao tempo que se instrumentan novas estratexias de comercialización, especialmente no que se refire aos mercados de proximidade.

- Revitalizar como prioridade política a investigación nos organismos pertencentes á AGACAL nas súas variantes agropecuarias e forestais, Banco de Xermoplasma e modernización das súas instalacións, maquinaria e persoal de campo e así mesmo revitalizar tamén as Oficinas Agrarias Comarcais coma medios de conexión coa investigación e transferencia de coñecementos e estratexias na economía e no emprendemento rural.

- Crear unha Mesa da Seca para estudo e establecemento de estratexias de prevención no territorio para a necesaria resiliencia dos seus cultivos, explotacións e biodiversidade diante do cambio climático.

- Desenvolver medidas que permitan avanzar na superación dos roles de xénero que sitúan as tarefas de coidado como un traballo feminino dificultando que as mulleres do rural podan desenvolver unha vida persoal e profesional satisfactoria.

- Promover políticas de desenvolvemento que se apliquen dun xeito cualitativo que doten ao rural de servizos básicos, permitan a diversificación socioeconómica e a fixación de poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 25

Por un monte biodiverso, resiliente e fonte de riqueza

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a apostar decididamente por un monte biodiverso, resiliente e fonte de riqueza, a través das seguintes liñas de actuación:

- Redefinir a súa política forestal afrontando a ordenación dun monte en mosaico, biodiverso e multifuncional, como garante de desenvolvemento económico e fixación de poboación como principal garantía de prevención e defensa contra os incendios forestais.

- Derrogar a Primeira Revisión do Plan Forestal e elaborar un novo participado, transparente e multisectorial.

- Elaborar un Plan de Promoción das Madeiras Nobres Galegas que promova de xeito activo este tipo de plantacións e garanta a segunda transformación dentro de Galiza.

- Elaborar un mapa de usos do territorio que permita a súa ordenación, a blindaxe da superficie con potencial agropecuario e o aproveitamento multifuncional do monte.

- Diseñar e poñer en marcha un Plan de Urgencia de Cortalumes Verdes con peches perimetrais e gando en pastoreo para romper continuidade das masas forestais e de biomasa naquelas zonas onde se reiteran os incendios todos os anos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Divulgar e priorizar as UXFOR coma agrupación conxunta de aproveitamento multifuncional do monte privado e figura chave da ordenación do mesmo.

- Realizar unha reformulación do PLADIGA priorizando a prevención fronte ao gasto en extinción de lumes, recuperando o mando único na loita contra os incendios forestais, rebaixando de xeito drástico a alta temporalidade dentro do SPDIF, avanzando no proceso para recuperar a xestión pública de todos os medios de prevención e loita contra os incendios e reformando o sistema de limpeza das franxas primarias e secundarias de biomasa para garantir que a súa realización estea rematada antes da tempada de alto risco de incendios.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 26

Capacidade para xestionar o noso mar e defensa firme da biodiversidade das costas galegas e da viabilidade da nosa frota

A Xunta de Galiza dará cumprimento ao acordo do Parlamento galego do 10/02/2021 para conseguir o recoñecemento de Galiza como zona altamente dependente da pesca, a revisión do principio de estabilidade relativa na UE e a capacidade directa de negociación nas decisións en materia pesqueira que lle afecten. Mentres se levan a cabo as accións para que así sexa, esixirá con firmeza en todas as institucións supraautonómicas que se desboten todas as accións que afecten á biodiversidade das costas galegas, as que impliquen redución da frota, as que afecten aos seus ingresos e as que insistan no progresivo desmantelamento do sector.

Nomeadamente, esixirá unha modificación da Política Pesqueira Común (PPC) en relación coa definición do concepto de pesca artesanal, da súa exclusión do sistema de TACs e cotas e da obriga de desembarque de capturas. Ao mesmo tempo, o cumprimento estrito do establecido na PPC respecto de ter en conta, ademais dos medioambientais, os aspectos sociais e económicos nos TACs e cotas pesqueiras, no establecemento e na ampliación de vedas e zonas prohibidas ás artes de fondo, na retirada de exencións fiscais ao combustíbel pesqueiro. De igual xeito, a priorización da protección da biodiversidade e da actividade pesqueira nas costas galegas, quedando como consecuencia excluídas da implantación de enerxía eólica mariña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 27

Análise, avaliación, elaboración e posta en marcha plano estratéxico urxente de recuperación rías galegas

A Xunta de Galiza, en estreita colaboración co sector do mar, cos centros de investigación e co sistema universitario analizará as causas do deterioro medioambiental e da merma de produtividade das rías galegas. A partir desa análise, desenvolverá e executará un Plano Estratéxico de Recuperación das rías galegas, reclamando da UE e do Estado os fondos necesarios para o seu financiamento e que, cando menos, contemple:

- O control estrito de vertidos aos ríos e ao medio mariño, o progresivo e decidido saneamento das rías e a elaboración dun protocolo de desaugamento dos encoros.
- A recuperación e posta en explotación dos bancos marisqueiros que actualmente teñan experimentado descenso da produtividade, dirixida ao incremento das capturas, do emprego e da obtención duns ingresos dignos para manter a actividade.
- Promoción de hatcherys públicas ou mixtas para surtido de semente propia, eliminando así a dependencia exterior nos cultivos e garantindo a oferta necesaria de semente das distintas especies autóctonas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Creación dun seguro público de produción marisqueira que supla os efectos de eventuais perdas da produción.
- Control na introdución de especies mariñas foráneas e depredadoras.
- Potenciamento dos centros de investigación da Consellería do Mar e da colaboración entre estes e as universidades galegas e, nomeadamente, mellora do funcionamento do INTECMAR como principal ferramenta para o control mariño e a vixilancia constante da salubridade dos produtos do mar, ampliando a realización de analíticas aos fins de semana e días festivos co obxectivo de evitar as situacións que repercuten negativamente nos produtores e nos consumidores que se veñen dando reiteradamente na actualidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 28

Por una realidade laboral galega xusta e igualitaria

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a pular pola recuperación dos dereitos laborais e sociais que sufriron un grave retroceso desde o ano 2010. Para tal fin, defenderá diante do Goberno español:

- A derogación total das reformas laborais e das pensións, operadas dende o 2010.
- O recoñecemento do dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos, establecendo o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral, fixando o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio (que se actualizará anualmente en base ao IPC), e eliminando as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.
- A aprobación e aplicación de forma inmediata do incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio que pasará a ser a única referencia de indicador público para os efectos de fixar a contía de calquera tipo de prestación social pública.
- A habilitar instrumentos para ter capacidade de actuación: O Marco Galego de Relacións Laborais esixe que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutro nivel superior ao de empresa, teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresa, senón tamén sobre os estatais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 29

Pola mellora da competitividade da Galiza como destino turístico e a aplicación de políticas turísticas verdadeiramente sustentables, ao tempo que xustas e respectuosas coas comunidades locais receptoras

O Parlamento de Galiza insta a Xunta a empregar ferramentas fiscais, nomeadamente o tributo sobre estadias turísticas (taxa turística), para compensar os maiores custos de prestacións de servizos derivados do coñecido como turismo masivo, naquelas zonas tensionadas por este fenómeno. Ao tempo, con estas figuras fiscais perseguiríanse obxectivos extra-fiscais como a promoción da sostibilidade turística, a desestacionalización, a mellora da formación e calidade do emprego ou a finalidade ambiental sobre a incidencia do turismo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 30

Polo impulso do comercio polo miúdo na Galiza

Ante os retos que ten e terá que afrontar o pequeno comercio galego e a perda continuada de tecido comercial na Galiza, o Parlamento de Galiza insta o goberno galego a impulsar unha nova Lei para o comercio galego que, entre outras cuestións, regule os días e horarios de apertura, os períodos de rebaixas e as promocións e descontos no sector e que regule a implantación de grandes superficies comerciais. De igual maneira, a cámara insta a Xunta a impulsar un plan de modernización e dixitalización do comercio galego para incrementar a súa competitividade, incentivar a remuda xeracional e reforzar o papel do comercio polo miúdo nas economía galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 31

Unha política xuvenil integral, coordinada e cohesionada que atenda as necesidades da mocidade galega

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a dotar, nos orzamentos para o 2024, á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, de máis recursos económicos para desenvolver as funcións que establecidas na Lei 6/2012, como as funcións de xestionar as actuacións en materia de xuventude, incluíndo as de carácter interdepartamental, así como tamén levar a cabo a coordinación na elaboración, execución e avaliación das políticas transversais de xuventude.

Así pois, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, deberá atender, con carácter prioritario, as principais preocupacións e demandas da mocidade galegas, tales como:

- Coordinar o deseño e execución un Plan de Emprego xuvenil destinado, cando menos, a reducir a precariedade, a temporalidade do emprego e que posibilite unha maior estabilidade e independencia económica que permita á mocidade desenvolver un proxecto autónomo de vida e free a emigración forzosa. Este Plan de Emprego xuvenil deberá figurar, coa correspondente dotación económica, nos vindeiros orzamentos da Xunta de Galiza.

- Traballar de xeito interdepartamental e coordinado para acadar medidas concretas, a curto prazo, destinadas a garantir a emancipación xuvenil e o acceso a unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vivenda digna por parte da mocidade galega, tales como o incremento orzamentario das partidas destinadas ás axudas para o alugueiro da xente nova.

- Garantir a participación directa da mocidade galega nos procesos de análise, execución e avaliación das políticas públicas en materia de xuventude, coa reactivación inmediata do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza, como órgano colexiado de Xunta de Galiza e foro de participación xuvenil. Así como tamén desenvolver un Plan de Asociacionismo Xuvenil, que forneza á sociedade galega dun tecido xuvenil forte que enriqueza as iniciativas públicas destinadas á mocidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 32

Polo dereito de acceso á cultura

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar plans directores sectores culturais que inclúan apoio especializado aos procesos creativos de cara a unha maior profesionalización, fortalecemento económico e difusión social, co obxectivo de mellorar as condicións laborais e combater a precariedade, e afrontar os retos xerados pola irrupción das plataformas dixitais na difusión dos proxectos culturais e na formación de novos públicos.

Por iso, a Cámara insta a Xunta de Galiza a:

- Garantir por lei o acceso á cultura como un dereito para o conxunto da cidadanía.
- Deseñar un programa de apoio ao asociacionismo cultural, como elemento central no desenvolvemento da cultura de base.
- Elaborar un plan de apoio á creación coa oferta de bolsas para a creación e residencias literarias e artísticas que permitan impulsar a diversidade e a experimentación dos novos procesos creativos.
- Deseñar un Plan Estratéxico para a Xestión do Patrimonio Cultural, material e inmaterial, desde criterios de transversalidade institucional, promoción da propia identidade, sustentabilidade e aproveitamento social e económico do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ampliar en 2024 até o 1% o orzamento ordinario da Xunta destinado á cultura e avanzar progresivamente cara ao 3% en correspondencia co PIB que achega o sector da cultura.

- Impulsar a Lei do Fondo Cultural Galego previsto no Estatuto, co obxectivo de promover os valores culturais galegos e xerar recursos financeiros a favor da nosa cultura.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 33

Un país na vangarda da acción polo clima e fronte á emerxencia ambiental

O Parlamento acorda instar a Xunta a liderar a acción polo clima e a resposta fronte á emerxencia ambiental mediante o desenvolvemento dun novidoso paquete de medidas lexislativas, económicas, fiscais, de gobernanza e de xestión que contemple entre outras as seguintes accións: a aprobación dunha lei de acción polo clima e fronte á emerxencia ambiental que inclúa obxectivos, prazos, recursos e medidas de mitigación e adaptación para diferentes ámbitos e sectores (industria, enerxía, sector servizos, sector primario, transporte, residencial...); a creación dun Fondo Económico do Clima para financiar actuacións de mitigación e de adaptación; a ampliación da rede de espazos naturais protexidos até a contorna do 20% do territorio nun prazo de dous anos; a aprobación no presente ano da Estratexia de Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxica e do seu plan de desenvolvemento a creación dun novo modelo de gobernanza acorde coa centralidade das políticas climáticas e que reforce a cooperación e a coordinación entre o goberno da Xunta, os gobernos locais e o ámbito universitario; a revisión e actualización ambiciosa da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía coa inclusión da posta en marcha dun organismo independente encargado de avaliar o seu desenvolvemento; a aprobación no ano 2024 do pacto galego pola auga e o fondo de investimentos para a xestión do ciclo da auga, a protección dos recursos hídricos e fronte á seca; a creación dun grupo de estudo para implantar medidas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fiscalidade verde nos orzamentos do ano 2025; e o desenvolvemento dun intenso programa de participación, educación e apoderamento cidadán en relación coa emerxencia ambiental e o clima.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 34

Por unha estratexia de mobilidade sustentábel e de vertebración do país

O Parlamento acorda instar ao goberno galego a desenvolver unha estratexia de mobilidade con tres grandes actuacións: En primeiro lugar, a creación do Consorcio de Transportes de Galiza que inclúa a cooperación institucional, a integración das diferentes modalidades de transporte público (bus, tren e barco), e que fomente a mobilidade en transporte público mediante unha mellor oferta de servizos, unha xestión dixitalizada, o billete compartido, unha tarifa plana para persoas usuarias habituais (por estudos, traballo, asistencia a servizos públicos) e prezos superreducidos e gratuidade para determinados colectivos (rendas baixas, persoas xubiladas e persoas paradas ou estudantes até 30 anos); en segundo lugar, a creación dun departamento de ferrocarril no organigrama da Xunta, a asunción gradual das competencias nesta materia e a planificación de novas infraestruturas; e en terceiro lugar, a demanda ao goberno central dun plan de investimentos para a mellora do ferrocarril que contemple todas as actuacións pendentes de mellora e modernización das infraestruturas, a mellora de horarios e servizos na liña Vigo-Coruña e Ourense-Coruña; e a mellora das comunicacións entre Lugo e Coruña-Ferrol, estudo da nova liña directa Lugo-Santiago por Curtis, Coruña-Ferrol, Ferrol-Ribadeo, Ourense-Valdeorras, Vigo-O Condado, Vigo-O Baixo Miño e Vigo-Porto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, en relación cos problemas da mobilidade ferroviaria no Eixo Atlántico e a liña Coruña-Ourense, que demande:

- A adopción das medidas necesarias para evitar a sucesión de incidencias, avarías, atrasos, falta de prazas e de servizos e masificación do tren na Galiza (Eixo Atlántico, Media Distancia e AVANT).

- O axuste dos horarios ás necesidades das persoas usuarias e que aumente as frecuencias ferroviarias das conexións mencionadas nas franxas da mañá, de mediodía e estender os servizos de última hora nas conexións do Eixo Atlántico, AVANT e Media Distancia.

- A recuperación dos servizos ferroviarios suspendidos como consecuencia da pandemia da covid 19.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 35

Pola axenda do transporte e loxística de Galiza

O Parlamento insta a Xunta a aprobar unha estratexia de transporte e loxística de Galiza encamiñada a:

-Asumir a coordinación das infraestruturas e servizos portuarios e aeroportuarios, procurando a súa especialización, complementariedade e competitividade internacional.

-Demandar a modernización e mellora da rede ferroviaria de mercadorías co impulso dos investimentos no Corredor Noroeste, a conexión por tren con todos os portos de interese xeral, a conexión coas plataformas loxísticas (Porto Seco de Monforte e PLISAN) e coas grandes áreas empresariais.

-Impulsar a aprobación dunha estratexia marítima para a inserción de Galiza nas grandes liñas do transporte internacional por barco, aproveitando as vantaxes xeoestratéxicas do noso país.

-Demandar a condonación da débeda contraída pola Autoridade Portuaria da Coruña con Portos do Estado, establecendo esta esixencia, ou a asignación con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado dunha cantidade equivalente co obxecto de acometer a transformación da fachada marítima da Coruña, en futuras negociacións co Goberno central en materia de política fiscal e financiamento autonómico. E impulsar, de común





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acordo co Concello da Coruña, a constitución dun consorcio ou organismo público, coa participación das distintas administracións e entes implicados, para acometer a transformación dos terreos do porto interior, mantendo sempre a titularidade pública dos mesmos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 36

Sobre a transferencia e o rescate da concesión da AP9 e a rebaixa das peaxes da AP53

O Parlamento insta a Xunta a demandar o compromiso de todas as forzas políticas coa transferencia da AP9 a Galiza e a elaborar un estudo sobre as vías legais para a anulación da ampliación da concesión da AP9 por 25 anos que entrou en vigor a partir do 18 de agosto de 2023, e sobre os custos económicos e financeiros desta medida. Asemade, coa finalidade de acabar co agravio comparativo con respecto a outras autoestradas, o Parlamento insta ao goberno galego a demandar do goberno central a aprobación de bonificacións no custo das peaxes da AP53 semellantes ás aprobadas para a AP9 e a aprobar as mesmas rebaixas nas autovías de titularidade autonómica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 37

Rescatar os medios públicos

O Parlamento de Galiza acorda por resolución amosar o seu apoio ás reivindicacións do cadro de persoal da CRTVG expresadas nos Venres Negros así como, a reprobación da actual Dirección Xeral da CRTVG polo incumprimento reiterado das súas obrigas e a vulneración da misión de servizo público. Neste senso, a Cámara reclama o impulso dunha profunda remuda no seo da CRTVG a comezar pola renovación da Dirección Xeral a través da convocatoria dun concurso público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 38

Garantía do dereito á tutela xudicial efectiva de todas as persoas

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir a accesibilidade de toda a cidadanía á administración de xustiza como elemento inherente do dereito á tutela xudicial efectiva. A tal fin a Xunta de Galiza promoverá a ampliación da planta xudicial de Galiza, mediante a inmediata creación de xulgados de violencia sobre a muller, con competencias exclusivas e excluíntes, nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago, Lugo, Ferrol e Pontevedra; así como o incremento de unidades xudiciais especializadas en dereito de familia, xulgados do penal e nas vilas de Viveiro, Carballo, Vilagarcía, Ribeira e Sarria.

Asemade, e coa mesma finalidade, a Xunta de Galiza promoverá a valorización e dignificación do servizo de xustiza gratuíta, ampliando as intervencións cubertas polo sistema, incluíndo a orientación e asesoramento previos á vía xudicial; a mellora das condicións das profesionais encargadas da súa prestación (retribucións/compensacións dignas polo traballo realizado ao marxe do recoñecemento posterior do beneficio de xustiza gratuíta, actualizables conforme ao IPC, desprazamentos, cobertura social e responsabilidade civil, etc...), e das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do servizo, impulsando, de ser o caso, as modificacións normativa necesarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 39

Protección dos dereitos e liberdades das persoas

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, en cumprimento da lexislación vixente e consonte ao previsto na Lei 8/2007 de 13 de xuño, proceda ao desenvolvemento do Corpo de Policía Galego, cunha estrutura, organización e funcionamento axeitado á realidade e necesidades da cidadanía galega, a fin de que poda realizar a práctica totalidade funcións de seguridade e protección dos dereitos e liberdades das persoas actualmente encomendadas á CNP e a Garda Civil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 40

Axenda Internacional de Galiza

O Parlamento acorda demandar ao goberno galego que impulse a axenda internacional de Galiza mediante a creación da marca país, a alianza estratéxica con Portugal e con outras nacións e comunidades do Atlántico, a apertura gradual de delegacións en Lisboa (para as relación coa lusofonía) e Bruxelas (para as relacións coa Unión Europea e outros organismos internacionais); a contratación dun estudo para a definición das competencias, funcións e medios do Instituto Rosalía de Castro de promoción e proxección internacional da lingua e da cultura galegas; a participación de Galiza en eventos e foros internacionais; a estratexia de ampliación e diversificación de mercados exteriores; a participación das seleccións deportivas en competicións internacionais; e a creación da figura da “persoa embaixadora” da Galiza.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2023 10:20:28





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, atendendo ao acordo da Mesa de 10 de outubro de 2023 sobre a cualificación das propostas de resolución en relación co debate de política xeral de 2023, **reformula** as propostas de resolución indicadas no punto A do acordo (Propostas 10, 11, 12, 15, 18, 21, 22, 24, 25 e 27) quedando redactadas como seguen:

Proposta de resolución nº 10

Garantir unha asistencia sanitaria accesíbel e de calidade

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a garantir que a atención sanitaria sexa pública, universal, gratuíta e de calidade, e proceder a: Realizar un estudo urxente sobre as consecuencias en termos de morbilidade e mortalidade na poboación galega dos déficits na atención sanitaria; Iniciar o proceso de reversión de todas as privatizacións e externalizacións de servizos realizados polo goberno galego, e a rematar coa derivación de recursos da sanidade pública para empresas privadas; Rematar co aumento progresivo das listas de espera e coa derivación constante de doentes á sanidade privada, mantendo operativos todo o ano todos os recursos; Potenciar os hospitais comarcais, tanto co aumento de servizos como de persoal, facer públicas de inmediato as listas de espera tanto estruturais como non estruturais; Promulgación e aplicación prioritaria dunha estratexia específica de saúde mental mediante as dotacións profesionais e materiais suficientes, unha organización de recursos axeitada, e a oferta de programas asistenciais específicos e eficaces. Dentro desta desenvolver de inmediato o Plan Galego de Prevención do Suicidio, con cronograma de execución do mesmo, o orzamento suficiente e a previsión de incremento de dotación profesional necesario; Implantación dun Plano de Atención á Saúde da Muller, coa creación dunha Unidade Muller e Saúde; Garantir a accesibilidade a todas as persoas con diversidade funcional impulsando un Plan, debidamente orzado e calendarizado, dirixido a suprimir calquera barreira no acceso aos servizos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 11

Atención Primaria peza clave na asistencia sanitaria

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a poñer en marcha sen máis dilación o Plan de Mellora de Atención Primaria para facela atractiva para as e os profesionais, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... que permitan unha atención de calidade, onde se contemple:

- Aumentar o orzamento de Atención Primaria até o 25% do total de sanidade, no prazo de tres anos.

- Modificación do Decreto de Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

- Realizar unha planificación do número de profesionais precisos axustada ás necesidades reais de profesionais, categorías, rateos profesionais-doentes, situación laboral, previsión de xubilacións, etcétera. Incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, nutricionistas, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos-optometristas...

- Garantir que todas as crianzas en idade pediátrica teñan asistencia presencial en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 12

Coidado das e dos profesionais da sanidade

O Parlamento de Galiza insta a rectificar política laboral de costas viradas aos profesionais:

- Realizar no actual período de sesións un Plan de Ordenación de Recursos Humanos e posta en marcha dun sistema de identificación de prazas, como punto de partida para presentar un plano de estabilidade de emprego.

- Recuperación do acordo retributivo 2008-2012, suspendido pola Xunta no 2009 e regulación do dereito do persoal estatutario dos servizos de saúde á xubilación anticipada e parcial.

- Pór en marcha a carteira de servizos e recoñecer o mapa de competencias de cada categoría profesional.

- Esixir a inmediata derogación da taxa de reposición e convocar unha oferta pública de emprego (OPE) coa totalidade das prazas vacantes en todas as categorías.

- Eliminación dos “contratos de continuidade”, posta en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais.

-Rectificar a decisión de pagar o complemento por dedicación exclusiva as e os profesionais que desenvolvan a súa actividade na sanidade pública e na privada, e polo tanto só establecer a mesma para o persoal médico que traballa exclusivamente na Sanidade Pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 15

Polo impulso do ensino público galego

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a impulsar un plan de reforzo do ensino público que incremente os cadros de persoal do sistema educativo en cando menos 1.000 profesores:

- Redución das rateo até un máximo de 15 estudantes por aula en Educación Infantil, 20 en Primaria, ESO, FP e EOI e de 25 por aula no Bacharelato e recuperar os horarios previos aos aumentos impostos polo Partido Popular.

- Convocatoria pública de todas as prazas vacantes por xubilacións e rrolongar o contrato ata o 31 de agosto para as e os docentes contratados por máis de 5 meses.

- Inspeccionar o cumprimento da obriga legal de non segregación por sexo nos concertos educativos garantindo a eliminación de calquera financiamento a aqueles que a manteñan

- Impulsar un verdadeiro plan de Atención á Diversidade, acordado coa comunidade educativa, que garanta o incremento do número de especialistas.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta a impulsar unha Lei Galega de Educación na que se contemplan, entre outras, medidas como a gratuidade universal dos libros de texto e do transporte escolar para todas as etapas educativas, o acceso a un servizo público de comedores escolares para todo o alumnado que o precise, e a reformulación en clave galega da FP dual.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 18

Galiza con enerxía propia: cambio de modelo baseado na innovación, no autogoberno e na sostibilidade

Galiza debe aproveitar o seu posicionamento líder en produción eléctrica apostando pola innovación, o incremento da capacidade de decisión respecto dos recursos propios e a preservación da biodiversidade. Para iso, o Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

-Elaboración dun Mapa de necesidades e ordenación enerxética onde se planifique o desenvolvemento das diferentes tecnoloxías do mix sometendo esta planificación a unha avaliación ambiental estratéxica para pautar as zonas de exclusión e de implantación.

- A demanda da transferencia de competencias plenas na materia e a declaración do aproveitamento enerxético do vento, e doutros recursos naturais estratéxicos, como ben dominio público, en réxime de concesión.

-Constitución dunha empresa pública de enerxía liderada pola Xunta de Galiz.

- Impulso dun Centro para a competitividade e I+D+i en almacenamento de enerxía e dun Polo de innovación e experimentación en enerxía que aglutine Universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, tecido empresarial/clústeres e INEGA, impulsando a súa transformación nun ente de coordinación enerxética.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 21

A Axenda Territorial para avanzar cara a un país máis vertebrado e con maior cohesión

O Parlamento acorda como resolución desenvolver a Axenda Territorial Galega entendida como un conxunto de instrumentos políticos, financeiros, de ordenación do territorio, tecnolóxicos e de dotación de equipamentos e servizos para corraxir os desequilibrios territoriais e avanzar cara a cohesión socioeconómica. Para concretar este acordo desenvolverase un plan de desenvolvemento en zonas declaradas de maior interese ou prioridade, que se articulara por medio das seguintes liñas de actuación: Creación de núcleos ou áreas de desenvolvemento para atraer investimentos e actividades produtivas non especulativas e non depredatorias; Fondo de equilibrio territorial, de periodicidade quinquenal; A mellora da dotación de servizos públicos básicos; artellamento dun plan de apoio ás PEMES e a iniciativas de economía social.; programas de restauración, rexeneración e dinamización do patrimonio natural, da paisaxe e do patrimonio cultural; creación de centros de transformación agroalimentaria e de instrumentos para a recuperación e posta en produción de terras; instrumentos para a fixación e atracción de poboación en actividades produtivas e de posta en valor do territorio como o ticket rural, unha medida que implicaría unha axuda anual dun mínimo de 15.000€ durante cinco anos para proxectos con sede e domicilio fiscal no rural; programas de enerxía; mobilidade (taxi rural); etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 22

Estratexia de país para unha dixitalización inclusiva no social, vertebradora no territorial, dinamizadora no económico e innovadora no cultural

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver un proceso de dixitalización amplo arredor das seguintes medidas:

-Posta en marcha do proxecto Territorio Intelixente para crear unha rede de sensores por todo o noso territorio que nos proporcionen información de relevancia para o control da meteoroloxía, da prevención de incendios ou da obtención de datos para a mellora das colleitas e da nosa gandaría.

-Levar a cabo canto antes o proxecto Vida Dixital en Galego co obxectivo de fornecer á sociedade galega das plataformas de Intelixencia Artificial.

-Crear o Consorcio Galego para a Capacitación e as Competencias Dixitais no que participarían a Xunta, concellos e as Universidades como instrumento para pular pola transformación dixital, capacitación e loita contra o denominado “analfabetismo” dixital.

-Levar a cabo canto antes as medidas necesarias para, en colaboración co goberno do Estado, conseguir un despregue total da Banda Larga na totalidade do país, no menor tempo posible e prestando especial atención ao núcleos rurais. Todo isto co obxectivo de que Galiza deixe de ser o territorio con peor porcentaxe de conectividade do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 24

Por un sector agrogandeiro sostible e con futuro

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a traballar a prol dun sector agrogandeiro sostible e con futuro a través das seguintes medidas:

- Apoiar de xeito prioritario as pequenas e medianas explotacións familiares agrogandeiras: recuperando os contratos de Explotación Sustentable, mobilizando terra agraria e recuperando SAU mediante a creación de polígonos agrogandeiros, priorizando nos novos polígonos agroforestais a creación de novas explotacións de carácter familiar, demandando ao goberno do Estado a modificación da Lei da Cadea Alimentaria coa introdución de mecanismos que permitan o cálculo de custos e mecanismos de intermediación.

- Crear o Banco de Explotacións para facilitar o alugueiro ou o cambio de titularidade daquelas explotacións agropecuarias que á xubilación dos titulares non contan con relevo, apoiar decididamente a produción en ecolóxico poñendo como meta a converxencia no 27% da SAU marcada pola UE para os próximos 10 anos e revitalizar a investigación en AGACAL, Banco de Xermoplasma, revitalizar as Oficinas Agrarias Comarcais.

- Crear unha Mesa da Seca para estudo e establecemento de estratexias de prevención no territorio.

- Desenvolver medidas que permitan avanzar na superación dos roles de xénero.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 25

Por un monte biodiverso, resiliente e fonte de riqueza

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a apostar decididamente por un monte biodiverso, resiliente e fonte de riqueza, a través das seguintes liñas de actuación:

- Redefinir a súa política forestal afrontando a ordenación dun monte en mosaico, biodiverso e multifuncional.
- Derrogar a Primeira Revisión do Plan Forestal e elaborar un novo participado, transparente e multisectorial.
- Elaborar un Plan de Promoción das Madeiras Nobres Galegas que garanta a segunda transformación dentro de Galiza.
- Elaborar un mapa de usos do territorio.
- Diseñar e poñer en marcha un Plan de Urgencia de Cortalumes Verdes con peches perimetrais e gando en pastoreo..
- Divulgar e priorizar as UXFOR.
- Realizar unha reformulación do PLADIGA priorizando a prevención fronte ao gasto en extinción, recuperar o mando único e rebaixa da temporalidade, avanzando no proceso para recuperar a xestión pública de todos os medios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 27

Análise, avaliación, elaboración e posta en marcha plano estratéxico urxente de recuperación rías galegas

A Xunta de Galiza, en colaboración co sector, cos centros de investigación e coas universidades analizará as causas do deterioro medioambiental e da merma de produtividade das rías galegas. A partir desa análise, executará un Plano Estratéxico de Recuperación das rías galegas, que, cando menos, contemple:

- O control estrito de vertidos aos ríos e ao medio mariño, o progresivo e decidido saneamento das rías e a elaboración dun protocolo de desaugamento dos encoros e a recuperación e posta en explotación dos bancos marisqueiros que actualmente teñan experimentado descenso da produtividade.
- Promoción de hatcherys públicas ou mixtas para surtido de semente propia.
- Creación dun seguro público de produción marisqueira que supla os efectos de eventuais perdas da produción e control na introdución de especies foráneas e depredadoras.
- Potenciamento dos centros de investigación da Consellería do Mar e da colaboración entre estes e as universidades galegas e mellora do funcionamento do INTECMAR como principal ferramenta para o control mariño e a vixilancia constante da salubridade dos produtos do mar.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2023 13:36:13





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento de Galicia, para o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa as seguintes **propostas de resolución**:





Resolución núm. 1 Calidade democrática e institucional. Transparencia e corrupción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar e implementar un verdadeiro sistema de control de xestión e integridade institucional da Administración autonómica galega para mellorar a calidade de goberno e a efectividade no uso de recursos públicos, que inclúa a racionalización das entidades instrumentais, a mellora da transparencia e a prevención da corrupción na administración autonómica galega, tomando en consideración as recomendacións do Consello de Contas e incluíndo o desenvolvemento dos mecanismos e actuacións necesarias para protexer as persoas denunciante de prácticas de corrupción de conformidade coa Lei 2/2023, e para regular a actuación dos “grupos de presión” ante a Xunta de Galicia.
- Crear unha axencia galega de avaliación das políticas públicas.





Resolución núm. 2 Cooperación ao Desenvolvemento

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a actualizar a súa política de cooperación, de forma participada e dialogada coas entidades do sector, para equipararnos co Estado e coa maior parte das CC.AA, mediante o incremento progresivo do investimento co fin de chegar en 2030 ao 0,7 %, así como condenar calquera acción terrorista como a levada a cabo polo grupo Hamás contra o pobo de Israel e dirixirse ao Goberno do Estado para instar ao Goberno da UE a que manteña todas as axudas ao pobo palestino.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

Resolución núm. 3 Memoria histórica

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar con carácter urxente as medidas necesarias, coa dotación orzamentaria pertinente, para cumprir a Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática, pola que se recoñece e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, rexeitando as formulacións políticas contrarias a dita lei, e en particular a facilitar a busca, localización, recuperación e identificación das vítimas da guerra civil e a ditadura, apoiar ás asociacións da memoria histórica, apoiar a retirada dos símbolos e monumentos que honren a memoria dos vencedores ou conmemoren a sublevación militar, a guerra civil ou a ditadura, e a conmemorar cun acto institucional dirixido pola Xunta de Galicia cada 31 de outubro como o día das vítimas do franquismo.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Resolución núm. 4 Xustiza

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Garantir o bo funcionamento da Administración de xustiza mediante a modernización, adaptación e mellora das infraestruturas xudiciais nos concellos e vilas medianas que quedan pendentes do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015; mellora dos equipos tecnolóxicos e incremento do uso das TIC, así como con carácter prioritario a posta a punto do expediente dixital.
- Mellorar o acceso á Xustiza das persoas en situación de vulnerabilidade económica e a retribución aos letrados da quenda de oficio, mediante un maior investimento na partida destinada á Xustiza gratuíta,
- Reforzar con máis persoal e ampliación dos equipos de valoración do Imelga, para rematar co atraso de 2 anos existente na tramitación de determinados procedementos.
- Implantar o servizo de quenda de garda 24 horas nos xulgados da Coruña e Vigo.
- A dar cumprimento do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero garantindo a protección xudicial das vítimas, acondicionando espazos nos xulgados, e con persoal suficiente e formado.
- Mellorar o amparo aos menores dotando os xulgados de menores de máis equipos técnicos, que poidan levar a cabo programas de mediación, de intervención educativa e terapéutica coa mocidade infractora.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

- Ampliar a rede de Puntos de Encontro Xudiciais, que dean resposta á necesidade social existente e garantan o benestar e a seguridade dos usuarios.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Resolución núm. 5 Cooperación local

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

- Acorde inmediatamente coa Fegamp os investimentos ou a prestación de servizos que deben ser prestados polos concellos ou pola comunidade autónoma, asumindo a Xunta de Galicia as que lle corresponden ou acordando as contías necesarias e suficientes que debe transferir aos concellos para a súa correcta prestación.
- Inicie inmediatamente as negociacións coa Fegamp para acordar a lei que regule a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia a través do Fondo de Cooperación Local base.
- Iniciar inmediatamente as negociacións coa Fegamp para acordar os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais que garantan a igualdade de acceso mediante convocatorias públicas ás que poidan concorrer todos os concellos galegos.
- Asuma inmediatamente a totalidade dos custos da prestación por parte dos concellos do mantemento da totalidade dos centros de saúde, dos centros de educación de infantil e primaria, das unidades municipais de asistencia á drogodependencia, dos conservatorios de ensino medio e dos xulgados de paz, conforme ao contido das leis, do compromiso acadado no Pacto local, así como o compromiso acadado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp en febreiro de 2020.
- Acordar coa Fegamp a xestión dos Fondos Next Generation-EU que están chegando a Galicia a través do Goberno do Estado para a mellora integral do ciclo da auga.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

- Presentar no Parlamento o plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, establecido no artigo 78 da Lei 3/2012 do 2 abril do deporte de Galicia e nunca presentado como se indica normativamente.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

Resolución núm. 6 CRTVG

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e cumprir de inmediato a totalidade dos aspectos e instrumentos previstos na Lei 9/2011 do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, de xeito especial a renovación da dirección xeral, a aprobación do estatuto profesional e posta en marcha do consello de informativos. Tamén deberá aprobar con carácter inmediato o seu plan de igualdade.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Resolución núm. 7 Transición ecolóxica e medio ambiente

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer unha verdadeira Estratexia contra a emerxencia climática, adoptando medidas concretas, obxectivos definidos e medibles, con calendario e orzamentos para mitigar e adaptarnos aos efectos do quecemento global, que inclúa:

- A análise e avaliación continuas dos riscos e impactos actuais e previsibles da crise climática en Galicia.
- O establecemento dun plan autonómico de descarbonización da produción enerxética e da economía, co horizonte de acadar unha economía neutra en carbono no 2035.
- A aprobación dun plan de fomento das enerxías renovables e o autoconsumo enerxético no sector público de Galicia, así como de incentivos á implantación de solucións enerxéticas limpas nas empresas e vivendas.
- Impulsar unha política orientada a facer unha xestión eficiente dos recursos, como un dos eixos básicos da economía galega, así como a adoitar medidas necesarias co fin de sensibilizar á cidadanía no uso responsable dos recursos e na reciclaxe co fin de poder cumprir os parámetros marcados pola UE e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular.
- Axilizar os procesos de xestión das subvencións dirixidas aos concellos para a implantación da recollida separada dos biorresiduos.



- A convocar de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza, e Nostián) co fin de establecer unha colaboración conxunta e unha estratexia común de cara o cumprimento da lexislación estatal e europea.
- Implantar unha estratexia de renaturalización de Galicia co horizonte do ano 2030, incluíndo entre outros obxectivos a conservación da biodiversidade; a rexeneración integral das rías e ríos de Galicia; a conservación do bosque autóctono galego e a diversificación dos usos e especies forestais, atendendo á súa dimensión medioambiental, recreativa e cultural ademais da económica; a conservación dos humidais; a renaturalización das contornas urbanas nas que vive máis da metade da poboación de Galicia e a ampliación da Rede Natura 2000 e modificación do seu plan de ordenación para cumprir a normativa europea.
- Aprobar un novo plan eólico galego, que garanta un despregamento ordenado no noso territorio, que nos permita posicionarnos como rexión estratéxica, que atenda e respecte ás características do territorio onde se pretendan instalar parques eólicos e que os seus beneficios revertan na mellora da vida das persoas, do tecido produtivo e do terreo onde se implanten.
- Fomentar o uso de enerxías renovables, a mellora da eficiencia e autoconsumo enerxético no sector público, nas empresas e nas vivendas.





Resolución núm. 8 Infraestruturas

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo actuacións decididas de cara á mellora das infraestruturas viarias autonómicas, tanto un verdadeiro plan de conservación das existentes como desatascar e avanzar en infraestruturas novas, para o que fixará un cronograma con compromisos orzamentarios e prazos realistas tal que se recupere no horizonte do ano 2026, cando menos, as previsións que contiña o denominado e incumprido plan MOVE, e que se plasmará, de acordo coa normativa vixente e previa presentación na Cámara galega no próximo semestre, no Plan Director de Estradas de Galicia. Ademais o Goberno galego ampliará as bonificacións nas peaxes das autoestradas autonómicas, nomeadamente na AG-55 e AG57, equiparándoas ás que aplica o Goberno do Estado na AP9, e ampliándoas a todos os usuarios e usuarias.





Resolución núm. 9 Vivenda

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar inmediatamente unha política real, efectiva e urxente de vivenda, impulsando as seguintes medidas:

- Poñer en funcionamento as liñas estratéxicas recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025 e activar inmediatamente a totalidade dos programas recollidos.
- Impulsar un plan de construción de vivenda pública cun cronograma e orzamento suficiente que permita duplicar o parque público de vivenda actual.
- Establecer un programa de axudas específico nos vindeiros orzamentos para complementar as axudas ao alugueiro para a mocidade galega con fondos propios.
- Establecer un plan 2023-2024 para poñer vivenda baleira a disposición de alugueiro social.
- Adoptar medidas específicas para a vivenda nos concellos de reto demográfico.
- Elaborar un plan de acceso a vivenda que facilite vivenda digna a todas as familias con menores a cargo.
- Flexibilizar os criterios de accesibilidade a vivendas de protección social, tanto no caso do aluguer como na compra.





- Elaborar unha estratexia galega contra a infravivenda especialmente nos núcleos de chabolismo onde vivan menores.
- Elaborar campañas de difusión, a través de todos os medios dispoñibles, das ferramentas e axudas existentes en políticas de vivenda.
- Impulsar as oficinas de información e rehabilitación nos concellos.
- Achegar axudas con fondos propios para as ARI.
- Elaborar programas con medidas e recursos para mellorar a accesibilidade, conservación e mantemento.
- Establecer novas axudas para a rehabilitación de edificios que precisan melloras de conservación urgente.
- Crear unha mesa de diálogo na que participen as entidades representativas do sector, a Fegamp e a Administración autonómica, para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico na vilas e cidades galegas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

Resolución núm. 10 Mobilidade

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reformular o Plan de transporte público por estrada de Galicia, de xeito que se dea unha resposta adecuada ás necesidades de mobilidade de galegos e galegas, así como realizar axeitadamente os labores de inspección e control dos contratos asinados coas adxudicatarias, de cara a garantir un servizo público de calidade.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





Resolución núm. 11 Fondos europeos

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore un documento, e que o entregue no Parlamento galego, no que se faga constar:

- Como materializaron os 1.384 millóns de euros recibidos do Goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, con indicación das formas de acceso ás achegas por parte dos beneficiados, dos criterios de reparto, das resolucións e da contía prevista inicialmente e da executada, e as previsións de execución dos fondos non executados.
- Un listado dos proxectos que propón a Xunta de Galicia susceptible de ser financiados con Fondos Next Generation e de acceso a algún dos Pertes anunciados polo Goberno do Estado.
- Un documento no que se materialice a execución do resto dos fondos europeos recibidos polo Goberno galego, así como as previsións para participar nas próximas convocatorias dos distintos fondos.
- Establecer unha comunicación permanente cos concellos galegos coa finalidade de que contén con toda a información e a axuda necesaria para optar aos fondos europeos.





Resolución núm. 12 Política fiscal. Beneficios fiscais

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a facer un estudo rigoroso da política fiscal aplicada pola Xunta de Galicia nos últimos anos, no que se reflictan as políticas de gasto ás que afectan, os obxectivos que se perseguen, unha análise do grao de cumprimento dos obxectivos económicos e sociais que xustifican a súa introdución e o impacto sobre a cidadanía e sobre os territorios incluídos no seu ámbito de aplicación, identificando a tipoloxía do contribuínte beneficiario da redución de impostos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

Resolución núm. 13 Política fiscal. Carga impositiva

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deixar sen efecto neste orzamento para 2024 as bonificacións no Imposto sobre o Patrimonio aprobadas nos orzamentos para 2022 e 2023, introducir unha nova escala na parte autonómica do IRPF máis progresiva a partires de rendas de máis de 60.000€.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





Resolución núm. 14 Función Pública

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver un plan de fortalecemento do sector público que inclúa:

- Un plan de modernización do sector público galego que establezan medidas dirixidas á renovación e transformación cara a unha Administración dixital, así como medidas de mellora das prácticas de transparencia e bo goberno que inclúan o incremento da participación cidadá.
- Un plan de estabilización do emprego público da Xunta de Galicia que garanta de forma efectiva que a temporalidade se sitúe nunha taxa máxima do 8 % no sector público autonómico galego.





Resolución núm. 15 Economía

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reformar e reforzar o Igape para convertelo nun verdadeiro instrumento de promoción económica e política industrial, co obxectivo de conseguir que a formación de capital sexa na comunidade, cando menos, o 60 % do excedente bruto de explotación, impulsando o Marco Estratéxico de Galicia e habilitando novos instrumentos de apoio financeiro e técnico que apoiem a competitividade das Pemes galegas e a focalización das axudas nos sectores estratéxicos de Galicia, así como os procesos de transición ecolóxica e dixital.





Resolución núm. 16 Industria

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a alcanzar un pacto pola industria estable, permanente, certo, dotado de medidas e orzamentos, coa participación da Administración local, os axentes sociais e os grupos parlamentarios, co obxectivo de reactivar a economía, modernizar o modelo produtivo e garantir a transición ecolóxica e a transformación dixital con todas as oportunidades que xorden cos fondos europeos. O dito pacto debe afrontar:

- A crise estrutural da industria nas comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal, a Mariña lucense e o desenvolvemento industrial da provincia de Ourense.
- Poñer en funcionamento o proceso de transición xusta no entorno das Pontes e Meirama.
- Os problemas da industria do automóbil e do sector naval na comarca de Vigo.
- A crise das empresas de compoñentes do sector eólico.
- A situación da industria de transformación da madeira e do sector alimentario en Galicia.
- O desenvolvemento ordenado a acordado do solo industrial e as infraestruturas de conexión necesarias para a competitividade da nosa industria.





Resolución núm. 17

I+D+i

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o investimento en I+D+i nun 0,4 % do PIB, de xeito que se acade a media estatal, co obxectivo conxunto de chegar ao 3 %; implementar medidas e recursos que incentiven proxectos de innovación, con especial atención ás Pemes; elaborar un plan para a retención, para o retorno e para a atracción do talento científico coa participación do tecido empresarial e as universidades, con medidas e recursos que permitan reducir as cargas administrativas; garantir estabilidade laboral con condicións competitivas, afianzar a carreira profesional de persoas científicas mozas que poderán acceder a unha praza fixa tras rematar o seu itinerario postdoc e consolidar unha carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador equivalente á dos países máis avanzados, para que non marchen ao estranxeiro ou a outras comunidades autónomas.





Resolución núm. 18 Transición dixital

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de transición dixital que estableza medidas, recursos e un sistema de avaliación periódico e aproveitando os Fondos Next Generation, que inclúa:

- Un plan de ciberseguridade para facer fronte á ciberdelincuencia, no que se establezan medidas e recursos para axudar aos concellos, ao tecido empresarial galego e á poboación en xeral, que inclúa formación, campañas de información e sensibilización, así como das saídas laborais que este novo nicho de emprego ten na actualidade.
- Garantir que a cidadanía galega se poida relacionar coa Administración autonómica para acceder aos seus servizos básicos de forma telemática, telefónica ou presencial.
- Facilitar a formación en habilidades dixitais para toda a poboación, fundamentalmente para as persoas maiores e nos concellos máis rurais.
- Colaborar, informar e xestionar cos concellos para poder estender a conectividade ao cen por cen da poboación galega e acelerar o despregamento de redes e servizos 5G.





Resolución núm. 19 Comercio

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de reactivación do pequeno e mediano comercio, con medidas, recursos e un sistema de avaliación periódico, que estableza:

- Un programa para reactivar o pequeno comercio no rural.
- Realización de campañas formativas e de sensibilización á cidadanía.
- Favorecer con información, formación e recursos a creación de plataformas de venta online e a súa xestión.
- Programa para a posta en marcha dun plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade.
- Facilitar e incrementar as contías para a concesión de subvencións, en concorrencia competitiva, a asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro, federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto.
- Poñer en marcha un plan de axudas directas para o sector do comercio para frear o sobre custo que xerou a crise producida pola guerra de Ucraína.



Resolución núm. 20 Turismo

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan estratéxico, no que participen as entidades representativas do sector, a Fegamp, os sindicatos e o Goberno autonómico, para acadar un modelo de crecemento turístico sostible, dixitalizado e de excelencia de acordo coa Axenda 2030, para converter Galicia no primeiro territorio turístico intelixente certificado do noso país. No dito plan debe contemplarse a promoción do noso turismo nas súas distintas vertentes ao longo de todo o ano:

- A singular potencialidade do noso turismo termal
 - Paquetes con experiencias turísticas integrais
 - Turismo familiar
 - Turismo de saúde
 - Turismo de congresos e feiras
 - Enogastronómico
 - Turismo cultural
 - Turismo rural, pasando polo agroturismo ata o ecoturismo, prestando especial atención as actividades natureza e aventura.
- Promover a sustentabilidade social, económica, ambiental e territorial dos destinos turísticos, co fin de facilitar a interacción e integración de quen nos visita e así aumentar a calidade da súa experiencia no destino e mellorar a calidade de vida dos que neles residen.
- Traballar para que todas as externalidades que o turismo xere sobre as cidades repercutan nun ben común e nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía.



Resolución núm. 21 Educación

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a establecer un pacto pola estabilidade orzamentaria en educación co deseño dun plan que permita contar con recursos económicos suficientes e abrir un diálogo coa comunidade educativa para crear as condicións necesarias para redefinir o actual sistema educativo público:

- Que recolla todas as accións e os recursos necesarios para fornecer e garantir unha adecuada oferta educativa de calidade, inclusiva e que garanta a igualdade de oportunidades a toda a poboación da nosa comunidade.
- Que se incrementen os cadros de persoal do sistema educativo para recuperar os dereitos laborais do profesorado e o establecemento de 21 horas lectivas en Educación Infantil e Primaria e 18 no resto das etapas, así como axustar progresivamente unha baixada de rateos aproveitando a baixada de matriculación
- Que estableza unha estratexia para o ensino rural.
- Que se estableza un plan de atención á diversidade que dea cobertura suficiente ao alumnado con necesidades especiais, con profesionais suficientes de Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Que se supere o actual modelo de comedores escolares, ofertando un servizo público de comedores que dea resposta á demanda existente con parámetros de calidade axeitados.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Registro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

- Instaurar a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares obrigatorios para todo o conxunto do alumnado galego nas etapas do ensino obrigatorio público.
- Elaborar un plan a 3 anos para crear o número de prazas públicas suficientes para a escolarización dos nenos e nenas de 0 a 3 anos de acceso universal e grauíto.
- Executar o Plan de prevención na infancia e adolescencia da exposición ás redes sociais e videoxogos acordada por unanimidade no Parlamento no ano 2022.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Resolución núm. 22 Cultura e patrimonio cultural

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Asegurar, como mínimo, o 1 % do total dos orzamentos de Galicia, recoñecer a cultura como ben de primeira necesidade e iniciar unha nova fase de conversas sectoriais para actualizar a Estratexia de Cultura Galega como instrumento que defina as políticas culturais de Galicia a curto e medio prazo.
- Comezar un proceso de redefinición da política de xestión do patrimonio cultural, de acordo coas recomendacións da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega, con tres primeiras accións concretas: a elaboración dun plan autonómico patrimonial de Galicia con dotación orzamentaria para o seu desenvolvemento, a creación dun observatorio de patrimonio, cunha sección dedicada á Educación Patrimonial e a creación dun órgano interadministrativo da Xunta de Galicia para a coordinación da política, normativa e xestión integral do patrimonio cultural galego.
- Garantir de inmediato o cumprimento do artigo 48 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia sobre as visitas públicas aos BIC.





Resolución núm. 23 Universidades

O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

- Aprobar un plan plurianual extraordinario de apoio ás universidades públicas galegas, consensuado con elas, para dotalas de maior financiamento para facer fronte ao incremento de custes, así como para compensar a débeda da Xunta de Galicia pola falla de financiamento correspondente á conxelación das taxas.
- Complementar con partidas extraordinarias todas as bolsas da Xunta de Galicia para o estudantado.
- Incrementar o número de prazas en residencias universitarias públicas e comedores universitarios, con prezos alcanzables.
- Implementar inmediatamente a gratuidade nas primeiras matrículas universitarias e unha redución das segundas e terceiras.
- Acordar coas universidades públicas galegas as medidas e fondos cos que a Xunta debe dotar un plan reforzado de incorporación de novo persoal docente e investigador para corrixir a alta taxa de avellentamento e incrementar o número de contratos predoutorais e posdoutorais.





Resolución núm. 24 Lingua na educación

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e constituír unha mesa de traballo con todos os axentes educativos e sociais para trazar un novo marco lingüístico para o idioma galego no ensino.
- Acordar coas entidades que traballan no ámbito da lingua portuguesa e a súa docencia en Galicia un marco normativo que regule a aprendizaxe do portugués nos centros de ensino de Galicia, introducir a opción deste idioma como lingua estranxeira nos sobres de matrícula dos centros de secundaria e en todas as Escolas Oficiais de Idiomas e elaborar un plan de promoción da aprendizaxe de portugués dirixido ao alumnado de Educación Primaria.





Resolución núm. 25 Política social. Modelo de atención aos coidados das persoas maiores

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Desenvolver un novo modelo de atención e coidados ás persoas maiores que inclúa ampliar a rede de centros residenciais de carácter público para crear 2.000 novas prazas residenciais públicas de xestión directa.
- Reforzar os equipos de inspección dependentes da Consellería de Política Social para incrementar a supervisión destes centros de maiores, así como unha investigación exhaustiva sobre o funcionamento completo do sistema de inspección dos servizos sociais da Xunta que garanta o funcionamento e eficacia das inspeccións.
- Retrasar o máximo posible o proceso de institucionalización das persoas maiores mellorando o coidado domiciliario e coordinando mellor os recursos dispoñibles.
- Dirixirse ao Goberno de España para blindar o sistema público de pensións e manter o seu incremento segundo o IPC independentemente do partido político que governe no Estado.



Resolución núm. 26 Dependencia e discapacidade

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia galega de atención á dependencia e a discapacidade que inclúa, como mínimo:

- Aumentar os cadros de persoal dos EVD para incrementar o número de resolucións de Grao e PIA no tempo que legalmente establece a Lei de dependencia, tres meses para cada resolución como máximo.
- Acadar solucións mediante diálogo e consenso coas familias de persoas maiores de 21 anos con discapacidade ou dependencia impulsando alternativas de escolarización, prazas en centros especiais, ou facilitando a inserción laboral para persoas con discapacidade, garantindo que se cumpra a normativa de mínimos na contratación de persoas con discapacidade, especialmente no marco da propia Administración.
- Establecer unha axeitada coordinación no ámbito sociosanitario para as persoas con discapacidade ou dependencia.
- Incrementar o gasto en atención á dependencia e discapacidade ata acadar como mínimo a media estatal.
- Axilizar as axudas á dependencia e incrementar as libranzas e horas do SAF por Grao baseándose no Real decreto 675/2023 do 18 de xullo.
- Executar a estratexia de soidade non desexada en Galicia.
- Remitir ao Parlamento os datos de ingresos nos centros de atención residencial menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas nos últimos





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

dous anos, para elaborar un plan estratéxico que lles dea solución alternativa.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





Resolución núm. 27 Xuventude

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan xuventude galega, que inclúa:

- Un plan de emancipación xuvenil que estableza axudas con fondos propios que complementen o Bono alugueiro mozo do Goberno do Estado.
- Habilitar un portal de vivenda para a xente nova, no que se facilite información de ofertas, axudas públicas e acceso a toda a información sobre condicións de habitabilidade ou presentación de reclamacións.
- Ampliar os beneficios da Tarxeta Xente Nova ao conxunto da mocidade galega menor de 30 anos, incluíndoos dentro das vantaxes do propio Carné Xove, habilitando a posibilidade de expedila de maneira online.
- Poñer en funcionamento o “Mouchobus”, un bus nocturno, con carácter permanente promocionado pola Xunta de Galicia.
- Realizar un informe sobre as migracións galegas cara ao exterior, no que se analicen:
 - As causas da emigración xuvenil da mocidade galega dende o 2009.
 - As medidas que favorecen a súa permanencia na nosa comunidade.
 - As medidas que favorecerían o seu retorno.



Resolución núm. 28 Pobreza e exclusión social

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar, a través do CES, un estudo sobre a evolución económica das familias e cidadanía galega, sobre a situación da desigualdade económica e os riscos de pobreza e exclusión existentes na economía galega, e no que se valoren as repercusións económicas e sociais que supoñen a situación actual da pobreza e a exclusión social en Galicia.
- Elaborar inmediatamente un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, no que participen os sectores socioeconómicos, os sindicatos, as universidades e os grupos parlamentarios, que conteña orzamento, prazos e medidas concretas e medibles, que permitan revertir esta preocupante situación dos fogares para introducir nos orzamentos para 2024, incluíndo, entre outras medidas, recuperar inmediatamente a tarxeta básica galega, establecer una liña de apoio ás familias en situación de vulnerabilidade que teñan que facer fronte a un alto incremento de pagos hipotecarios polo crecemento dos tipos de xuro, levar a cabo as modificacións precisas na lexislación en materia de inclusión para garantir a complementariedade das rendas de inclusión que permitan incrementar os ingresos das ditas familias.
- Elaborar campañas informativas continuas en todos os medios de comunicación públicos sobre a solicitude e xestión dos bonos eléctrico e térmico, incrementando as contías na mesma cantidade que as do Goberno do Estado.
- Elaborar un plan de erradicación da pobreza infantil, con especial atención ás familias monomarentais, no que se inclúa o acceso en igualdade de condicións do alumnado, a gratuidade nos comedores





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

escolares e, en colaboración cos concellos, a gratuidade nas actividades culturais e deportivas.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

Resolución núm. 29 Cohesión territorial e reto demográfico

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar inmediatamente as medidas previstas na Lei de impulso demográfico de Galicia, así como acordar coa Fegamp un plan de reequilibrio territorial que atenda as potencialidades, as necesidades e as singularidades dos 313 concellos galegos, co fin de establecer un plan de acción con medidas, orzamento e calendario.

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Resolución núm. 30 Sanidade. Atención Primaria

O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta de Galicia a impulsar un novo modelo na xestión dos RR.HH de Atención Primaria baseada en:

- Iniciar un programa para os profesionais de atención primaria que combine a mellora salarial e de condicións laborais coa ampliación de posibilidades para realizar tarefas de investigación e actualización formativa.
- Abrir unha mesa de negociación cos representantes dos titores do programa MIR en Atención Primaria para dotar de mellores condicións aos que desenvolven este labor.
- Ampliar as categorías profesionais de Atención Primaria incluíndo nas convocatorias de emprego novas categorías como odontoloxía, óptica e optometría, logopedia ou outras.
- Impulsar o aumento de profesionais en categorías existentes pero infradotadas en Atención Primaria máis alá do equipo básico médico/a + enfermeira, como fisioterapia ou profesionais de saúde bucodental.
- Tomar todas as medidas necesarias para garantir a dotación presencial de equipos completos (médico/a + enfermeira) nos cadros de persoal dos PAC.





Resolución núm. 31 Sanidade RR.HH

O Parlamento de Galicia insta o Goberno de Galicia a:

- Comprometer a convocatoria de todas as prazas MIR habilitadas polo Goberno de España en todas aquelas especialidades nas que a ratio de profesionais se sitúe por debaixo da media de España.
- Activar de maneira áxil e inmediata a posta en marcha das medidas de mellora laboral aprobadas no mes de setembro por acordo parlamentario para reducir por debaixo do 8 % o volume de eventualidade no Sergas, co cumprimento de, entre outras, medidas como:
 - Contratación do persoal substituto (por baixas, vacacións, etc.) polo tempo completo de duración da ausencia do/a profesional a cubrir.
 - Estender ao completo do persoal do sistema sanitario a carreira profesional.
 - Ampliar o volume de ofertas públicas de emprego para profesionais destinados ao sistema público de saúde.





Resolución núm. 32 Saúde mental

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Cumprir os acordos parlamentarios aínda incumpridos dende marzo de 2021 referidos a:
 - Equiparación das ratios de persoal en 2024 de Galicia coa media de España nas categorías dos servizos de saúde mental.
 - Cumprimento das recomendacións emitidas polo Defensor do Pobo respecto do control de calidade de recursos no centro psiquiátrico de Conxo, comprometido en 2018.
 - Incorporación ao Sergas dos servizos de atención a condutas aditivas hoxe xestionados polos concellos.
- Comprometer o investimento necesario nos orzamentos de 2024 para iniciar os procedementos de cara a ter, á maior brevidade, a dotación dunha unidade de hospitalización infanto – xuvenil en cada área sanitaria de Galicia.





Resolución núm. 33 Igualdade

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Duplicar, cando menos, os fondos propios destinados a políticas de igualdade.
- Implementar nos centros educativos da ESO módulos de formación en igualdade e loita contra a violencia machista.
- Rexeitar publicamente as posturas e discursos negacionistas da violencia machista e da promoción da igualdade.
- Emitir campañas de formación en igualdade e de loita contra a violencia de xénero nos medios públicos galegos durante todo o ano.
- Reformular a Lei 3/2012 do 2 abril do deporte de Galicia para fortalecer as políticas en defensa da igualdade real entre homes e mulleres no ámbito deportivo impulsando accións decididas fronte actuacións e representantes que promovan e amparen condutas machistas.





Resolución núm. 34 LGTBI

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Realizar un informe sobre a situación das persoas LGTBI en Galicia desde as distintas perspectivas e ámbitos, co fin de elaborar guías e protocolos que aborden e garantan a igualdade das persoas LGBT.
- Desenvolver na súa totalidade a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Incrementar a colaboración e os recursos destinados ás asociacións e colectivos que traballan pola igualdade e non discriminación das persoas LGTBI.
- Dotar de contido e orzamento o Observatorio Galego contra a LGBTIfobia.





Resolución núm. 35 Dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir os dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres galegas no marco da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, nomeadamente garantir a práctica do aborto ata as 22 semanas de xestación no centro público máis próximo ao domicilio da muller demandante na área sanitaria que lle corresponda, garantindo que todos os centros públicos contén con persoal sanitario que non apele á obxección de conciencia e ofrecer información pública, en espazos visibles e accesibles, sobre o proceso, normativa, recursos e condicións para interromper voluntariamente o embarazo. Ademais, eliminaranse as subvencións públicas a aquelas entidades que promovan posturas que non respecten os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres conforme á vixente lexislación.





Resolución núm. 36 Violencia machista

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un plan urxente contra a violencia machista centrado fundamentalmente na prevención e na educación que inclúa campañas de información e sensibilización sobre os distintos tipos de violencia con recursos para a súa identificación e servizos dispoñibles aos que acudir en caso de ser vítima.
- Dar cumprimento ao artigo 7 da Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual en materia de educación afectivo-sexual e do uso axeitado das novas tecnoloxías para avanzar na erradicación da violencia sexual, con especial atención á mocidade, con accións de calado para advertir do perigo do consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres, e pór en marcha actuacións legais para perseguir os proxenetas que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións.
- Pór en marcha de maneira inmediata e simultánea nas catro provincias galegas os centros de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual.
- Dotar de contido ao Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, cun plan de traballo planificado cos colectivos e integrantes, que contemple recursos, calendario e medidas.



Resolución núm. 37 Emprego

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer un plan estratéxico de emprego, que estableza:

- Elaborar un estudo sobre o mercado laboral en Galicia, no que participen os axentes económicos e sociais galegos, a Fegamp e a Xunta de Galicia, no que se valoren a repercusión das políticas activas de emprego aplicadas pola Xunta de Galicia dende 2009, as ofertas de emprego existentes na nosa comunidade, a actualización formativa das persoas empregadas, o axuste entre formación e demanda do mercado laboral e a intermediación laboral existentes na actualidade en Galicia, así como a creación dos pactos territoriais de emprego.
- Tendo como base as conclusións do dito estudo:
 - Potenciar unha formación altamente cualificada, axustada á demanda do mercado laboral no presente, así como no futuro máis inmediato, tendo en conta os novos perfís vinculados á transición dixital, á transición ecolóxica e aos derivados da realidade demográfica e aproveitando os fondos que veñen do Estado e da Unión Europea.
 - Elaborar un plan de choque de emprego xuvenil, con medidas, recursos e incentivos á contratación que faciliten a súa inserción laboral en condicións de calidade e no que se inclúa un plan de retorno.
 - Elaborar un plan de choque destinado a diminuír a fenda salarial existente entre as mulleres e homes de Galicia, con medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego,



combatendo a desigualdade de acceso as diferentes ocupacións, incrementando a incorporación das mulleres nas ocupacións altamente masculinizadas, rachando o teito de cristal existente e facilitando a súa inserción laboral.

- Poñer en marcha un programa de reincorporación e reorientación ao mercado de traballo de parados e paradas de longa duración en colaboración coas entidades locais galegas, con itinerarios personalizados, programas formativos e programas de adquisición de experiencia.
 - Poñer en marcha un programa de autoemprego con actuacións de orientación, análise de viabilidade e de novos incentivos.
 - Crear un programa para a creación de axentes dinamizadores da innovación dirixido ás Pemes e microempresas.
- Reforzar o Servizo Público de Emprego de Galicia que permita un tratamento personalizado das demandas de emprego de cara a busca de emprego e de acompañamento mediante itinerarios personalizados de inserción ata a súa incorporación o mercado de traballo



Resolución núm. 38 Medio Rural

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implantar medidas de aposta polo noso sector primario e un apoio decidido aos sectores afectados pola suba dos custes de produción como son as explotacións gandeiras de carne e unha aposta decidida por un modelo forestal sostible, que inclúan:

- Liñas de axudas directas con fondos propios da Xunta de Galicia aos sectores produtores máis afectados pola suba de custes de produción.
- Posta en marcha dun plan de recuperación de terras efectivo co fin de aumentar a base territorial das nosas explotacións e poñer en produción terras produtivas en situación de abandono, aplicando os instrumentos da lei de recuperación de terras, cun aumento substancial do persoal e medios da administración autonómica nos orzamentos de 2024.
- Poñer en marcha un plan de impulso da investigación e formación agraria pública, cunha aposta polos nosos investigadores e liñas de investigación e a modernización dos centros de formación, investigación e experimentación do Agacal:
 - Desenvolvendo un programa que aborde dun xeito global o problema da seca derivada do cambio climático que afecta ás producións vexetais para consumo humano.
 - Cun programa contra a contaminación do noso solo e acuíferos cunha aposta polo control e uso racional dos fertilizantes naturais das nosas explotacións. Fortalecendo a formación agraria ante o envellecemento dos profesionais do campo e a experimentación nos nosos centros.



- Establecendo medidas efectivas para o control do cumprimento da lei da cadea e que ningunha explotación venda os seus produtos por debaixo dos custes de produción.
- Un novo modelo forestal, que garanta unha verdadeira política forestal sostible que estableza medidas para favorecer a produción e a conservación, que finalice os plans de ordenación forestal por distritos forestais que equilibre a produción e que sexa efectivo na loita contra o abandono e os lumes forestais.
- Un novo modelo forestal, adaptado a nosa realidade social e económica do rural, con resiliencia fronte ao lume, baixo os principios da xestión forestal sostible e certificación da xestión, con posta en valor das masas de frondosas, da superficie veciñal, da captación de carbono, e que incorpore os obxectivos de multifuncionalidade e biodiversidade na súa composición e xestión.



Resolución núm. 39 Pesca

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Manifestar un rexeitamento claro e actuacións contundentes fronte aos ataques das institucións comunitarias á nosa pesca de fondo, en particular con esa demonización do arrastre e ter unha actuación rápida e proactiva, anticipándose, antes de que as novas ameazas da CE se convertan en realidades.
- Implementar actuacións decididas e rápidas de cara a axudar ao sector pesqueiro e marisqueiro con medidas de apoio económico-financeiro, campañas de consumo local, campañas de difusión dos beneficios do consumo de peixes e mariscos, un plan de recuperación específico para a nosa pesca artesanal, sendo fundamental que as axudas sexan áxiles e rápidas na súa tramitación, aproveitando ao máximo os fondos europeos, para o que deberán de levarse adiante todas as accións precisas para garantir ao máximo a execución do FEMPA.
- Todo traballando transversalmente para acadar unha igualdade real entre homes e mulleres neste sector, para o que é necesario crear o Observatorio de Igualdade do sector pesqueiro galego, implementar medidas que faciliten o acceso das mulleres aos órganos de representación e decisión do sector e incluír unha linguaxe inclusiva e con perspectiva de xénero nas normas que regulan o seu funcionamento.
- Mellorar a execución orzamentaria da Consellería do Mar.



Resolución núm. 40 Marisqueo

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a

- Poñer en marcha un plan urxente de investimento para a mellora da produción marisqueira de Galicia, definido en colaboración entre a administración autonómica, as confrarías galegas, os representantes do sector marisqueiro e os profesionais dos centros de investigación autonómicos, que teña a dotación necesaria para afrontar as necesidades que se establezan e que conteña e valore medidas sobre dragaxes, rexeneración de rías ou estratexias de control de depredadores naturais do marisco.
- Elaborar un protocolo actualizado de baleirado de encoros en Galicia que teña en conta a situación das rías en relación co marisqueo e a necesidade de coordinar os procesos de baleirado cos sectores afectados.
- Abrir unha liña permanente de axudas ao sector que permita axilizar os procesos para aqueles casos que se van repetindo de paros decretados pola obriga que determina o estado das rías e do produto marisqueiro.
- Analizar a posibilidade dun paro subvencionado de longa duración que permita a rexeneración da produción para abrir mellores perspectivas a medio e longo prazo.

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 10:23:56
Nº Rexistro: 61064
Data envío: 10/10/2023 10:23:56.436

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/10/2023 10:22:53

CSV: REXISTRO-STEDq2XZS-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 61086
Data envío: 10/10/2023 14:19:10.702

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e conforme á resolución da Mesa do Parlamento do día 10 de outubro de 2023, na que se solicita a reformulación dalgunhas propostas de resolución presentadas por este grupo para o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, presenta as **reformulacións** solicitadas:

CSV: REXISTRO-4gV65EuTZ-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Resolución núm. 7 Transición ecolóxica e medio ambiente

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Establecer unha verdadeira Estratexia contra a emerxencia climática, adoptando medidas concretas, obxectivos definidos e medibles, con calendario e orzamentos para mitigar e adaptarnos aos efectos do quecemento global, establecendo un plan autonómico de descarbonización da produción enerxética e da economía, co horizonte de acadar unha economía neutra en carbono no 2035, aprobando un plan de fomento das enerxías renovables, mellora da eficiencia enerxético e o autoconsumo enerxético no sector públicos, nas empresas e nas vivendas; impulsando unha política orientada a facer unha xestión eficiente dos recursos, axilizando os procesos de xestión das subvencións dirixidas aos concellos para a implantación da recollida separada dos biorresiduos.
- Aprobar un novo plan eólico galego, que garanta un despregamento ordenado no noso territorio, que nos permita posicionarnos como rexión estratéxica, que atenda e respecte ás características do territorio onde se pretendan instalar parques eólicos e que os seus beneficios revertan na mellora da vida das persoas, do tecido produtivo e do terreo onde se implanten.
- Convocar de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza e Nostián) co fin de establecer unha colaboración conxunta e unha estratexia común de cara o cumprimento da lexislación estatal e europea e implantar unha estratexia de renaturalización de Galicia co horizonte do ano 2030.



Resolución núm. 9 Vivenda

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a executar inmediatamente unha política real, efectiva e urxente de vivenda, poñendo en funcionamento as liñas estratéxicas recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025 e activar inmediatamente a totalidade dos programas recollidos, impulsando un plan de construción de vivenda pública que permita duplicar o parque público de vivenda actual.

- Establecer un programa de axudas específico nos vindeiros orzamentos para complementar as axudas ao alugueiro para a mocidade galega con fondos propios.
- Establecer un plan 2023-2024 para poñer vivenda baleira a disposición de alugueiro social, adoptando medidas específicas para a vivenda nos concellos de reto demográfico.
- Elaborar un plan de acceso a vivenda que facilite vivenda digna a todas as familias con menores a cargo.
- Flexibilizar os criterios de accesibilidade a vivendas de protección social, tanto no caso do aluguer como na compra.
- Elaborar unha estratexia galega contra a infravivenda especialmente nos núcleos de chabolismo onde vivan menores.
- Elaborar campañas de difusión, a través de todos os medios dispoñibles, das ferramentas e axudas existentes en políticas de vivenda.
- Impulsar as oficinas de información e rehabilitación nos concellos.
- Achegar axudas con fondos propios para as ARI.
- Establecer novas axudas para a rehabilitación de edificios que precisan melloras de conservación urxente.
- Crear unha mesa de diálogo na que participen as entidades representativas do sector, a Fegamp e a Administración autonómica, para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico na vilas e cidades galegas.



Resolución núm. 21 Educación

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a establecer un pacto pola estabilidade orzamentaria en educación, deseñando un plan con recursos económicos suficientes e abrir un diálogo coa comunidade educativa para crear as condicións necesarias para redefinir o actual sistema educativo público:

- Que recolla todas as accións e os recursos necesarios para fornecer e garantir unha adecuada oferta educativa de calidade, inclusiva e que garanta a igualdade de oportunidades a toda a poboación da nosa comunidade.
- Que se incrementen os cadros de persoal do sistema educativo para recuperar os dereitos laborais do profesorado e o establecemento de 21 horas lectivas en Educación Infantil e Primaria e 18 no resto das etapas, así como axustar progresivamente unha baixada de rateos aproveitando a baixada de matriculación
- Que estableza unha estratexia para o ensino rural.
- Que se estableza un plan de atención á diversidade que dea cobertura suficiente ao alumnado con necesidades especiais, con profesionais suficientes de Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Que se supere o actual modelo de comedores escolares, ofertando un servizo público de comedores que dea resposta á demanda existente con parámetros de calidade axeitados.
- Instaurar a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares obrigatorios para todo o conxunto do alumnado galego nas etapas do ensino obrigatorio público.
- Elaborar un plan a 3 anos para crear o número de prazas públicas suficientes para a escolarización dos nenos e nenas de 0 a 3 anos de acceso universal e gratuío.
- Executar o Plan de prevención na infancia e adolescencia da exposición ás redes sociais e videoxogos acordada por unanimidade no Parlamento no ano 2022.



Resolución núm. 26 Dependencia e discapacidade

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia galega de atención á dependencia e a discapacidade que inclúa, como mínimo:

- Aumentar os cadros de persoal dos EVD para incrementar o número de resolucións de Grao e PIA no tempo que legalmente establece a Lei de dependencia, tres meses para cada resolución como máximo.
- Acadar solucións mediante diálogo e consenso coas familias de persoas maiores de 21 anos con discapacidade ou dependencia impulsando alternativas de escolarización, prazas en centros especiais, ou facilitando a inserción laboral para persoas con discapacidade, garantindo que se cumpra a normativa de mínimos na contratación de persoas con discapacidade, especialmente no marco da propia Administración.
- Establecer unha axeitada coordinación no ámbito sociosanitario para as persoas con discapacidade ou dependencia.
- Incrementar o gasto en atención á dependencia e discapacidade ata acadar como mínimo a media estatal.
- Axilizar as axudas á dependencia e incrementar as libranzas e horas do SAF por Grao baseándose no Real decreto 675/2023 do 18 de xullo.
- Executar a estratexia de soidade non desexada en Galicia.
- Remitir ao Parlamento os datos de ingresos nos centros de atención residencial menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas nos últimos dous anos, para elaborar un plan estratéxico que lles dea solución alternativa.



Resolución núm. 28 Pobreza e exclusión social

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar, a través do CES, un estudo sobre a evolución económica das familias e cidadanía galega, sobre a situación da desigualdade económica e os riscos de pobreza e exclusión existentes na economía galega, e no que se valoren as repercusións económicas e sociais que supoñen a situación actual da pobreza e a exclusión social en Galicia.
- Elaborar inmediatamente un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, no que participen os sectores socioeconómicos, os sindicatos, as universidades e os grupos parlamentarios, que conteña orzamento, prazos e medidas concretas e medibles, que permitan revertir esta preocupante situación dos fogares para introducir nos orzamentos para 2024, incluíndo, entre outras medidas, recuperar inmediatamente a tarxeta básica galega, establecer una liña de apoio ás familias en situación de vulnerabilidade que teñan que facer fronte a un alto incremento de pagos hipotecarios polo crecemento dos tipos de xuro, levar a cabo as modificacións precisas na lexislación en materia de inclusión para garantir a complementariedade das rendas de inclusión que permitan incrementar os ingresos das ditas familias.
- Elaborar campañas informativas continuas en todos os medios de comunicación públicos sobre a solicitude e xestión dos bonos eléctrico e térmico, incrementando as contías na mesma cantidade que as do Goberno do Estado.
- Elaborar un plan de erradicación da pobreza infantil, con especial atención ás familias monomarentais, no que se inclúa o acceso en igualdade de condicións do alumnado, a gratuidade nos comedores escolares e, en colaboración cos concellos, a gratuidade nas actividades culturais e deportivas.



Resolución núm. 37 Emprego

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer un plan estratéxico de emprego, que estableza:

- Elaborar un estudo sobre o mercado laboral en Galicia, no que participen os axentes económicos e sociais galegos, a Fegamp e a Xunta de Galicia, no que se valoren a repercusión das políticas activas de emprego aplicadas pola Xunta de Galicia dende 2009, as ofertas de emprego existentes na nosa comunidade, a actualización formativa das persoas empregadas, o axuste entre formación e demanda do mercado laboral e a intermediación laboral existentes na actualidade en Galicia, así como a creación dos pactos territoriais de emprego. Tendo como base as conclusións do dito estudo:
 - Potenciar unha formación altamente cualificada, axustada á demanda do mercado laboral no presente, así como no futuro máis inmediato, tendo en conta os novos perfís vinculados á transición dixital, á transición ecolóxica e aos derivados da realidade demográfica e aproveitando os fondos que veñen do Estado e da Unión Europea.
 - Elaborar un plan de choque de emprego xuvenil.
 - Elaborar un plan de choque destinado a diminuír a fenda salarial existente entre as mulleres e homes.
 - Poñer en marcha un programa de reincorporación e reorientación ao mercado de traballo de parados e paradas de longa duración.
 - Poñer en marcha un programa de autoemprego con actuacións de orientación, análise de viabilidade e de novos incentivos.
 - Crear un programa para a creación de axentes dinamizadores da innovación dirixido ás Pemes e microempresas.
- Reforzar o Servizo Público de Emprego de Galicia que permita un tratamento personalizado das demandas de emprego de cara a busca de emprego e de acompañamento mediante itinerarios personalizados de inserción ata a súa incorporación o mercado de traballo.



Resolución núm. 38 Medio Rural

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implantar medidas de aposta polo noso sector primario e un apoio decidido aos sectores afectados pola suba dos custes de produción como son as explotacións gandeiras de carne e unha aposta decidida por un modelo forestal sostible, que inclúan:

- Liñas de axudas directas con fondos propios da Xunta de Galicia aos sectores produtores máis afectados pola suba de custes de produción.
- Posta en marcha dun plan de recuperación de terras efectivo co fin de aumentar a base territorial das nosas explotacións e poñer en produción terras produtivas en situación de abandono, aplicando os instrumentos da lei de recuperación de terras, cun aumento substancial do persoal e medios da administración autonómica nos orzamentos de 2024.
- Poñer en marcha un plan de impulso da investigación e formación agraria pública, cunha aposta polos nosos investigadores e liñas de investigación e a modernización dos centros de formación, investigación e experimentación do Agacal:
 - Desenvolvendo un programa que aborde dun xeito global o problema da seca derivada do cambio climático que afecta ás producións vexetais para consumo humano.
 - Cun programa contra a contaminación do noso solo e acuíferos cunha aposta polo control e uso racional dos fertilizantes naturais das nosas explotacións. Fortalecendo a formación agraria ante o envellecemento dos profesionais do campo e a experimentación nos nosos centros.
 - Establecendo medidas efectivas para o control do cumprimento da lei da cadea e que ningunha explotación venda os seus produtos por debaixo dos custes de produción.
 - Un novo modelo forestal que garanta unha verdadeira política forestal sostible que estableza medidas para favorecer a produción e a conservación que estea adaptado a nosa realidade social e económica do rural, con resiliencia fronte ao lume e que incorpore os obxectivos de multifuncionalidade e biodiversidade na súa composición e xestión.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 61086
Data envío: 10/10/2023 14:19:10.702

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/10/2023 14:18:13

CSV: REXISTRO-4gV65EuTZ-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento para o “Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 59922, 11/DEBA000002), presenta as seguintes **Propostas de Resolución**

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2023



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 1

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución rexeitar calquera proxecto que trate de romper a convivencia e de destruír o valioso patrimonio que representa a condición de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións, disposto na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia e, nesa mesma liña, rexeitar calquera negociación que, co pretexto de evitar conflitos territoriais, limite a soberanía do conxunto dos cidadáns e o exercicio dos seus dereitos, así como calquera pretensión de recoñecer privilexios a determinados territorios ou cidadáns”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 2

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico de modo multilateral. O novo modelo debe garantir os principios de igualdade e solidariedade, ademais dunha financiación xusta para Galicia ponderando adecuadamente os sobrecustes que a dispersión e o envellecemento da poboación implican na prestación dos servizos públicos galegos. E, nesa mesma liña, evite calquera privilexio unilateral, como pode ser a condonación de débeda, que non sexa froito do acordo entre todas as comunidades autónomas e que implique asignar menos recursos ou competencias para Galicia que para outras comunidades autónomas”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 3

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rebaixar un punto o tipo xeral do Imposto de Transmisiós Patrimoniais, do 9% ao 8%, para contribuír a dinamizar o mercado inmobiliario de segunda man e facilitar o acceso á vivenda”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 4

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rebaixar o tipo xeral na transmisión de vehículos, do 8% ao 3%, para situar a Galicia como a CC.AA. con menor fiscalidade nestas operacións e a eliminalo no caso dos vehículos e embarcacións de cero emisións e as bicicletas e patinetes de mobilidade persoal”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 5

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar coa simplificación e axilización dos procedementos administrativos co fin de facilitar os trámites á cidadanía (Tarxeta Benvida, expedición e renovación condición familia numerosa, ...)”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 6

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central cogobernanza e celeridade na xestión dos fondos do MRR que se ten reservado a Administración Xeral do Estado, en particular para o financiamento dos proxectos industriais transformadores pendentes de desenvolvemento na nosa Comunidade”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 7

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a afondar na liña de traballo que vén desenvolvendo nos últimos anos de descontos e conxelación das tarifas nas autoestradas autonómicas, A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, para facilitar a competitividade económica e contribuír á seguridade viaria. Asemade a seguir reclamando e defendendo ante o Goberno de España a transferencia da xestión completa da AP-9, cos recursos suficientes para manter as bonificacións e completar as obras pendentes; e reivindicar para a AP-53, unha das autoestradas máis caras de España e única sen ningún tipo de bonificacións, o mesmo réxime descontos da AP-9”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 8

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a divulgación dos valores do Camiño de Santiago e impulso do mesmo a través de iniciativas no Parlamento Europeo, de forma prioritaria durante o período de presidencia española no Consello de Europa”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 9

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que deseñe conxuntamente co sector un cambio do modelo de xestión dos programas do Imsero, así como o incremento do prezo que se abona ao sector turístico polas prazas dos programas”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 10

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España a inmediata convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para axilizar a transferencia das competencias prioritarias para Galicia, de conformidade coas previsións contidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía, en particular, a transferencia da titularidade da AP-9 e da xestión do ingreso mínimo vital”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 11

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar hábitos de vida saudable e promover o deporte de base axudando as familias a través dun Bono Deporte.”





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 12

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno central que recoñeza as lexítimas competencias de Galicia na xestión do dominio público marítimo-terrestre atribuídas no seu Estatuto de Autonomía e desenvolvidas na Lei do litoral de Galicia, recentemente aprobada e que realice o traspaso efectivo dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercelas, para garantir unha efectiva protección do medio natural e a promoción económica das zonas costeiras”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 13

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a seguir avanzando cara a neutralidade climática, tomando novas medidas orientadas a avanzar na loita contra cambio climático e a implantación da economía circular, poñendo o clima no centro das políticas. Nesa liña, entre outras medidas, afondarase na promoción do transporte público para consolidar un modelo de mobilidade máis accesible e máis respectuoso co medio, impulsando tamén no transporte colectivo de titularidade autonómica o uso dos combustibles renovables e promovendo a sustentabilidade nas estacións de autobuses co emprego de materiais reciclados ou coa instalación de elementos que contribúan á eficiencia enerxética; a incidir na aposta que está a realizar pola descarbonización da mobilidade coa execución de novos quilómetros de sendas peonís e ciclistas ao longo da xeografía, especialmente na contorna das grandes áreas urbanas; e a contribuír á loita contra o cambio climático con iniciativas pioneiras e novidasas como a revexetación da rede de estradas autonómicas con especies autóctonas nas súas marxes, que contribúan a eliminar pirófitas e invasoras e aumenten a eficacia das vías como cortalumes”.





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 14

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a traballar no impulso de Galicia como nodo loxístico estratéxico do sur de Europa, aproveitando as fortalezas xeográficas e as alianzas estratéxicas con outros territorios; promovendo as infraestruturas e os servizos que faciliten o movemento de mercancías no noso territorio; e reclamando do Goberno de España o cumprimento dos seus compromisos de elaboración e presentación dun Plan Director do Corredor Atlántico de Mercadorías que recolla as actuacións e os investimentos necesarios para modernización da liña ferroviaria que garanta que o noroeste peninsular se erixa nun polo loxístico de referencia, con axuda do financiamento europeo e en igualdade de condicións que o Corredor Mediterráneo”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 15

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a exixir do Goberno de España unha data certa e concreta para a chegada dos trens Avril que permitan levar a alta velocidade ás cidades galegas, acompañando esta petición coa demanda das frecuencias necesarias para garantir uns servizos en AVE de calidade entre Galicia e a meseta; ao tempo que debe reclamar do Executivo central compromiso e axilidade para completar a modernización do ferrocarril na comunidade, co impulso do AVE a Portugal, comezando pola Saída Sur, a conexión de Lugo e Ferrol coa alta velocidade, ou a modernización da rede interior. Tamén no eido das infraestruturas viarias, reclamar o avance na construción das autovías estatais pendentes, como a autovía Santiago-Lugo, as autovías interiores A-56 e A-76, a autovía da Mariña, a autovía Vigo-O Porriño, ademais de máxima axilidade na reconstrución dos viadutos da A-6 no acceso a Galicia”.





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 16

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apostando firme e decididamente polo aproveitamento das oportunidades que supoñen as enerxías renovables, ata o punto de permitir á nosa Comunidade seguir sendo unha potencia (un actor de primeira orde) neste ámbito e un referente no proceso de transición enerxética equilibrada e responsable, tamén desde o punto de vista da súa sustentabilidade, integración paisaxística e do retorno social.

Nese senso, apoiaranse as iniciativas dirixidas a que os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais se reinvestan en Galicia, poñendo esta inmensa riqueza ao servizo da cidadanía; e rexeitarase toda pretensión de criminalizar sectores -como o eólico- que na nosa Comunidade contan cunha rigorosa tramitación ambiental, son fundamentais na loita contra o cambio climático e teñen un gran potencial de xerar riqueza e impulsar o progreso de toda Galicia”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 17

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para que a Comunidade Autónoma se converta nun referente dentro da península ibérica en canto á atracción de empresas, mediante o acompañamento ás persoas promotoras das iniciativas, a simplificación e axilización das tramitacións administrativas, a mellora da dispoñibilidade e condicións de acceso ao solo empresarial, e o apoio económico mediante axudas a fondo perdido e financiamento do investimento inicial”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 18

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a constitución dunha sociedade público-privada que impulse e participe no desenvolvemento de proxectos de aproveitamento dos recursos naturais de Galicia que xeren beneficios económicos e sociais na Comunidade Autónoma e, entre eles, o acceso a enerxía a prezos competitivos por parte das persoas e industrias consumidoras galegas”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 19

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a que autorice canto antes aqueles proxectos enerxéticos da súa competencia, que se demostraron ambientalmente viables ao contar con declaración de impacto ambiental favorable e que están vinculados a industrias galegas (Alcoa, Resonac e os proxectos industriais de As Pontes), permitíndolles, así, contar con parte da súa enerxía a un prezo enerxético fixo, dando así seguridade e estabilidade”.





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 20

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo a Estratexia Retorna 2023-2026, especialmente, aquelas medidas recollidas no Obxectivo 20º, relativo á promoción da captación e retorno de persoal investigador, fomentando a súa incorporación aos distintos centros de coñecemento, empresas e institucións que traballan no ámbito da I+D+i; co fin de seguir a promover a retención e captación de talento na nosa Comunidade. Asemade insta ao Goberno de España a que tome as medidas necesarias para favorecer a integración das familiar retornadas: dotando de financiación axeitada ás Comunidades Autónomas, mellorando os niveis de atención nos servizos consulares do Estado para axilizar os trámites ordinarios, introducindo plans estatais específicos de acceso á vivenda para familias retornadas, axilizando o procedemento de homologación de títulos universitarios obtidos no exterior, reducindo os trámites e axilizar as concesión de permisos de residencia e traballo dos cónxuxes e descendentes sen nacionalidade e eliminando as desigualdades coas que a lexislación fiscal estatal grava aos emigrantes e aos retornados, así como mellorar a información e os criterios de aplicación da AEAT”.





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 21

““O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a activar iniciativas e mecanismos que favorezan unha cultura accesible e inclusiva, especialmente daqueles colectivos máis desfavorecidos; ao tempo que se seguen a desenvolver políticas de impulso e acompañamento do sector cultural galego para que manteña altos estándares de dixitalización e innovación, de industrialización e xeración de emprego, así como unha elevada implantación no conxunto do territorio da nosa Comunidade. E, en particular a demandar do Goberno de España a que impulse un PERTE dirixido ao sector cultural, capaz de impulsar o benestar social e económico da nosa comunidade e de favorecer aos máis de 35.000 profesionais que traballan neste eido, tendo en conta ademais o rico bagaxe cultural de Galicia e as oportunidades e potencial que representa este sector de actividade. De xeito paralelo, impulsárase a modernización das infraestruturas que apoian os arquivos do Estado en Galicia, en particular, a reforma do edificio da praza da Ferrería, en Pontevedra, hoxe en desuso, co obxecto de que albergue o Arquivo Histórico Provincial”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 22

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha ampla oferta formativa en FP, que se reforzará a través da formulación dun novo plan de orientación integral en itinerarios profesionais que permita detectar o risco de abandono dos estudos antes de que se produza e conseguir derivar ese alumnado a ciclos de formación básica”.





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 23

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fortalecer os cadros de persoal da administración autonómica aprobando a Oferta Pública de Emprego do ano 2023 no prazo dun mes para continuar na senda da redución da temporalidade e seguir cunha eficaz prestación dos servizos públicos. Esta oferta convocará como dende o ano 2009 o máximo de prazas que permite a taxa de reposición aprobada polo Ministerio de Facenda e Función Pública. E reclamar ao Goberno central a eliminación das taxas de reposición nas convocatorias de ofertas de emprego público para favorecer a redución da temporalidade”





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 24

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a renovar a súa defensa da lingua galega baixo o respecto á Constitución, ao Estatuto de Autonomía e o marco legal específico, en aras da mellor convivencia lingüística entre linguas cooficiais en España e do aproveitamento dos vínculos coa lusofonía. Co desenvolvemento do Proxecto Nós e co deseño de novas medidas, traballarase por acadar máis usos do galego en diferentes ámbitos, como nas contornas urbanas, no sector audiovisual, nos espazos dixitais e na internet; ao tempo que se intensificarán os esforzos para a recollida e fixación da nosa toponimia como patrimonio inmaterial, co obxectivo de que milleiros de topónimos poidan enriquecer a nosa bagaxe cultural e científica”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 25

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando medidas de conciliación e apoio ás familias, no marco da Lei de impulso demográfico, e a reclamar do Goberno de España que contribúa no financiamento da gratuidade total da educación infantil de 0 a 3 anos en Galicia”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 26

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado o cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa, tendo especialmente en conta o desequilibrio acumulado desde a aprobación desta normativa en 2006”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 27

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, nun contexto de déficit de profesionais sanitarios, continuar realizando as accións necesarias, tanto lexislativas como organizativas, para garantir a ocupación das prazas consideradas como de difícil cobertura no Servizo Galego de Saúde e para consolidar a calidade do sistema de formación sanitaria especializada e incrementar a súa capacidade naquelas especialidades deficitarias, para o que debe seguir reclamando o cumprimento por parte do Goberno de España dos acordos pendentes ao respecto da reforma deste sistema”.





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 28

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o seu compromiso coa atención aos problemas de saúde mental, procedendo a completar a implantación o Plan de Saúde Mental 2020-2024 e a realizar unha avalización do seu cumprimento para, unha vez acadas as conclusións, comezar a redactar un novo Plan de Saúde Mental 2025-2029 que avance dun xeito decidido na prestación de atención psicolóxica en atención primaria”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 29

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prestar servizos de apoio, acompañamento, asistencia e asesoramento ás mulleres e menores que viron como os seus agresores se beneficiaban das excarceracións e reducións de penas, en aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual (coñecida como “Lei do só si é si”) e evitar, deste xeito, situacións de desprotección, revitimización e perda de confianza nas institucións e na xustiza”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 30

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deseñar e articular unha proposta detallada das cualificacións profesionais que serán necesarias para facer fronte aos empregos do futuro, xunto coa elaboración dos módulos formativos necesarios, co obxectivo de mellorar a capacitación dos traballadores ocupados e a empregabilidade das persoas desempregadas; ofrecendo así mesmo modalidades formativas accesibles e flexibles para toda a poboación”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 31

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a igualdade no mundo laboral a través dun programa de apoio á formación e contratación de mulleres en ocupacións laborais masculinizadas e seguir traballando na rotura da fenda salarial a través do desenvolvemento da nova Lei de igualdade”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 32

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a habilitar axudas por importe de 12 millóns de euros destinadas á produción de carne de calidade en extensivo. Asemade, a lanzar un programa de protección das aldeas e dos montes baseado no fomento do pastoreo nas zonas con maior risco de incendios.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 33

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar a construción estrutural en madeira -nunha porcentaxe mínima - en edificacións impulsadas polo goberno galego.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 34

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a se dirixir ao Goberno de España para que rectifique a decisión de excluír aos produtos do mar, á carne e ás súas conservas da rebaixa do IVE, de tal xeito que se lles aplique o mesmo tratamento fiscal que a outros alimentos básicos e de primeira necesidade, como medida de apoio para as familias con rendas baixas ou en situación de vulnerabilidade, para fomentar o consumo saudable e como iniciativa de apoio tamén aos sectores afectados”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 35

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adecuar os condicionantes do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) ás circunstancias do sector marítimo-pesqueiro, crear equipos e servizos de asesoramento profesionalizados e especializados e intensificar o labor de divulgación e distribución destes fondos”.





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 36

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar un bono universal de coidados, cun importe de 5.000 euros ao ano, para os galegos con dependencia recoñecida que están a ser atendidos no seu fogar.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 37

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha un complemento de 1.200 euros ao ano a todas as persoas con dependencia que teñen unha axuda para o pago dunha residencia da súa elección.”





O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 38

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un carné +65 para ofrecer descontos e vantaxes ás persoas maiores da comunidade, de forma semellante ao que fai cos mozos no actual Carné xove.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 39

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para reclamar a creación de cinco novos xulgados exclusivos contra a Violencia de Xénero en Ourense, Santiago, Lugo, Pontevedra e Ferrol”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 40

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución a condena do terrorismo e de calquera discurso que xustifique ou minimize ou non condene as súas graves consecuencias, pois provoca unha dor incalculable na poboación civil e a perda de vidas humanas e nunca pode ser o medio para lograr obxectivos políticos, sexan os que sexan”

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2023 10:23:29

